

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 26 DE XANEIRO DE 2023

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, sendo as vinte horas do día vinte e seis de xaneiro de dous mil vinte e tres, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, réunese o Pleno municipal en sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. alcalde en funcións, don Juan González Leirós (Resolución da Alcaldía núm. 18/2023, do 10 de xaneiro), e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D. RAMÓN BOGA MOSCOSO
D.^a MARÍA CARMEN PAN MATOS
D. DANIEL MALLO CASTRO
D.^a MÓNICA VARELA GERMADE
D.^a MARÍA DOLORES PAN LESTA

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D.^a LÚA SANGUIÑEDO ÁLVAREZ
D. MIGUEL ÁNGEL GUTIÉRREZ NIETO
D.^a PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D. DIEGO ALCANTARILLA REI

Polo grupo municipal do PP:

D. JUAN MARÍA ABALO CASTEX
D.^a MARÍA JESÚS GONZÁLEZ ROEL
D.^a MARTA MARÍA VÁZQUEZ GOLPE

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ
D. BRAIS CUBEIRO FERNÁNDEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D.^a SANDRA SÁNCHEZ VIEITES

Polo Grupo Mixto:

D.^a MARÍA OLGA SANTOS LÓPEZ (de EU-Son en Común)
D.^a MARÍA JOSÉ GARCÍA HIDALGO (de C's)

Non asisten á sesión o Sr. alcalde, don Óscar A. García Patiño e a Sra. concelleira do grupo político de UxC, dona Elisa Pestonit Barreiros.

Asiste á sesión o interventor municipal, don Francisco Javier Ulloa Arias, e dá fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 26 de xaneiro de 2023, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202301261900490000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. PARTE RESOLUTIVA

1.1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. EXPEDIENTE NÚM. 1/2023

Acceso á videoacta – 00:00:34 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 16 de xaneiro de 2023 (CVD: Q7SsOOy+OhxHkkub09LH), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico, na sesión ordinaria de data 19 de xaneiro de 2023, que transcrita di:

«PROPOSTA

Asunto: Proposta de aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos. Expediente número 1/2023

Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 187.644,51 euros.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron con cargo aos créditos do exercicio correspondente, ao quedar pendentes de aprobación e da súa adecuada contabilización con cargo ao orzamento correspondente por non terse conformado ou non terse presentado no concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a obra ou subministración, por no terse conformado con antelación suficiente para a súa aprobación, ou por acumulación de tarefas na Intervención municipal.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (“Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, ...”).

Por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que abonar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración ou obra, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Doutro modo prexudicárianse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Vista a fiscalización realizada pola intervención municipal, tal e como preceptúa o artigo 214.2 a) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no seu informe JUA NUM 3 - REPARO 1 R de data 15 de xaneiro de 2023 (CVD: OvsqHJPCmIFqgaNQS+kk).

Vista a nota informativa de secretaría 1/2023 de data 16 de xaneiro de 2023 (CVD: AFguelzv2+JutoznSkc).

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Levantar os reparos formulados pola intervención municipal no informe de intervención JUA NUM 3 - REPARO 1 R de data 15 de xaneiro de 2023.

Segundo: Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de credito núm. 1/2023 de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2023 por importe de 187.644,51 euros, correspondente ás facturas que se relacionan a continuación:

NÚM DE ENTRADA	DATA DE ENTRADA	NIF/CIF	NOME/ DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2022/402	22/02/2022	32369829C	FERNANDEZ MELLA MARIA DEL CARMEN	144,01
F/2022/532	05/03/2022	B06304984	ACQUAJET SEMAES, S.L.U.	11,55
F/2022/1133	25/05/2022	A28318012	EUROCONTROL S.A.	511,89
F/2022/1901	09/09/2022	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	471,83
F/2022/1931	14/09/2022	B70340989	TECNOMAK SISTEMAS Y FLUIDOS, S.L.	337,95
F/2022/1964	21/09/2022	B70475397	I2C INSPECCIONES S.L.	955,90
F/2022/2060	03/10/2022	B70595277	DEMOLICIONES CORUÑA, S.L.	1.633,50
F/2022/2078	04/10/2022	A15376569	SUMINISTROS VILA DE CAMBRE, S.A.	123,20
F/2022/2169	11/10/2022	B36232361	CEO ABERTO, S.L.	2.032,80
F/2022/2373	03/11/2022	B15359383	AUGASERVI, S.L.	813,12
F/2022/2378	03/11/2022	A15376569	SUMINISTROS VILA DE CAMBRE, S.A.	3,00
F/2022/2426	07/11/2022	32789265M	GONZÁLEZ MÉNDEZ MANUEL	71,21
F/2022/2427	07/11/2022	32789265M	GONZÁLEZ MÉNDEZ MANUEL	68,38
F/2022/2430	07/11/2022	32789265M	GONZÁLEZ MÉNDEZ MANUEL	196,95
F/2022/2859	22/11/2022	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	355,77
F/2022/2863	22/11/2022	47364946B	PIÑEIRO VARELA LUCIA	1.476,20
F/2022/2864	22/11/2022	B70340989	TECNOMAK SISTEMAS Y FLUIDOS, S.L.	12.324,96
F/2022/2893	30/11/2022	B15901614	AUTO-REPARACIONES SIGRAS, S.L.	501,10
F/2022/2898	30/11/2022	B15397078	MAGA LIMPIEZAS, S.L.	773,19
F/2022/2899	30/11/2022	B15397078	MAGA LIMPIEZAS, S.L.	667,16
F/2022/2908	30/11/2022	B15906654	ROMERSAN 2, S.L.	592,90
F/2022/2909	30/11/2022	B15906654	ROMERSAN 2, S.L.	181,50
F/2022/2911	30/11/2022	B15906654	ROMERSAN 2, S.L.	145,20
F/2022/2912	30/11/2022	B15906654	ROMERSAN 2, S.L.	296,45
F/2022/2913	30/11/2022	B15906654	ROMERSAN 2, S.L.	181,50
F/2022/2961	02/12/2022	B15547979	JARDINERIA ARCE, S.L.	1.173,70
F/2022/2971	02/12/2022	B15547979	JARDINERIA ARCE, S.L.	242,00
F/2022/2997	05/12/2022	B15141054	LEGAMO INFRAESTRUCTURA VERDE, S.L.	4.599,71
F/2022/3012	07/12/2022	52434379Z	BARREIRO LISTE ANTONIO	242,00
F/2022/3013	07/12/2022	J70408695	S&N JARDINERIA S.C.	181,50
F/2022/3039	12/12/2022	33336645P	PORTOMEÑE CABANAS JAVIER	5.021,50
F/2022/3042	12/12/2022	46903386S	RIVAS CASTRO ROSA MARIA	442,86
F/2022/3049	13/12/2022	32788766N	PATIÑO MUIÑO M DOLORES	540,00
F/2022/3058	14/12/2022	J70196100	BARBEITO Y LOPEZ S.C.	1.535,49
F/2022/3078	15/12/2022	B15359383	AUGASERVI, S.L.	112.579,84



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

F/2022/3081	15/12/2022	B70340989	TECNOMAK SISTEMAS Y FLUIDOS, S.L.	6.796,22
F/2022/3090	15/12/2022	A15474281	R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A.	8.244,46
F/2022/3106	20/12/2022	B15359383	AUGASERVI, S.L.	82,23
F/2022/3107	20/12/2022	50297676B	GOMEZ SEIJO FRANCISCO	307,34
F/2022/3109	20/12/2022	B15835721	AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L.	4.629,68
F/2022/3130	22/12/2022	B36112043	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	297,48
F/2022/3134	23/12/2022	B15025661	INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS, S.L.	5.237,99
F/2022/3157	27/12/2022	B15585102	BREOGAN MOTOR, S.L.	209,72
F/2022/3158	27/12/2022	B15901614	AUTO-REPARACIONES SIGRAS, S.L.	436,88
F/2022/3161	27/12/2022	B70511712	SOCIEDAD TIRO OLIMPICO A REGA, S.L.	609,84
F/2022/3164	28/12/2022	32810145R	FAJARDO DE ANDRADE SCHÄCTER JOSÉ MARÍA	720,00
F/2022/3165	28/12/2022	J70244728	CERAMICAS TORREBAL S.C.	344,80
F/2022/3166	28/12/2022	J70244728	CERAMICAS TORREBAL S.C.	156,01
F/2022/3168	28/12/2022	36163767Q	ALLER ALVAREZ MIRIAM	605,00
F/2022/3176	29/12/2022	32369829C	FERNANDEZ MELLA MARIA DEL CARMEN	600,00
F/2022/3177	29/12/2022	32369829C	FERNANDEZ MELLA MARIA DEL CARMEN	960,00
F/2022/3178	29/12/2022	B70542980	OBRAS Y REFORMAS PICHIN, S.L.U.	745,34
F/2022/3179	29/12/2022	A28791069	KONE ELEVADORES, S.A.	381,15
F/2022/3184	29/12/2022	A15376569	SUMINISTROS VILA DE CAMBRE, S.A.	589,37
F/2022/3185	29/12/2022	A15376569	SUMINISTROS VILA DE CAMBRE, S.A.	645,18
F/2022/3186	29/12/2022	A15376569	SUMINISTROS VILA DE CAMBRE, S.A.	1,65
F/2022/3187	29/12/2022	A15376569	SUMINISTROS VILA DE CAMBRE, S.A.	14,60
F/2022/3194	30/12/2022	32775879M	LOSADA RIVERO JOSE VICTORIANO	3.357,75
F/2023/43	05/01/2023	J15210990	CARLOS PAN SEIJO Y OTRO, S.C. (JUNCAR)	242,00
TOTAL				187.644,51 euros

Terceiro: Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, así como aprobar a ordenación e realización do seu pagamento.

Cuarto: Dese traslado aos departamentos afectados para que se tramiten os procedementos que sexan precisos para solventar o reparo emitido pola intervención co fin de que estes non se repitan.»

Faise constar que, durante o debate, o Sr. Abalo Castex solicita que este asunto quede enriba da mesa.

Rematadas as intervencións, de conformidade co disposto no artigo 109.1 do Regulamento orgánico municipal a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do Sr. Abalo Castex de deixar o asunto enriba da mesa, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Sete (7), dos/as Sres./as: Abalo Castex, González Roel, Vázquez Golpe, Varela Fraguío, Sánchez Vieites, Santos López e García Hidalgo.

Votos en contra: Dez (10), dos/as Sres./as: González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Sanguñedo Álvarez, Gutiérrez Nieto, Parceros Quiñoy e Alcantarilla Rei.

Abstencións: Dúas (2), dos Sres.: Carballada Rodríguez e Cubeiro Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase rexeitada a proposta do Sr. Abalo Castex de deixar o expediente enriba da mesa.

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 16 de xaneiro de 2023, obténdose o seguinte resultado:



Votos a favor: Dez (10), dos/as Sres./as: González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Sanguñedo Álvarez, Gutiérrez Nieto, Parceró Quiñoy e Alcantarilla Rei.

Votos en contra: Nove (9), dos/as Sres./as: Abalo Castex, González Roel, Vázquez Golpe, Carballada Rodríguez, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío, Sánchez Vieites, Santos López e García Hidalgo.

Abstencións: Ningunha (0).

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 16 de xaneiro de 2023 (CVD: Q7SsOOy+OhxHkkub09LH), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

1.2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. EXPEDIENTE NÚM. 2/2023

Acceso á videoacta – 00:24:23 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 16 de xaneiro de 2023 (CVD: KJG7uEG35XysVev43k5T), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico, na sesión ordinaria de data 19 de xaneiro de 2023, que transcrita di:

«PROPOSTA

Asunto: Proposta de aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos. Expediente número 2/2023.

Vista a relación de facturas e gastos que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 5.725,26 euros.

Visto que as facturas e gastos que se pretende aprobar non se aprobaron, con cargo aos créditos do exercicio correspondente, por non terse presentado no Concello no exercicio, por no terse conformado con antelación suficiente para a súa aprobación, ou por acumulación de tarefas na Intervención municipal.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (“Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, ...).

E por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que abonar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración ou obra, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Vista a fiscalización realizada pola intervención municipal, tal e como preceptúa o artigo 214.2 a) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no seu informe JUA NUM 3 - REPARO 1 R de data 15 de xaneiro de 2023 (CVD: OvsqHJPCmIFqgaNQS+kk).

Vista a nota informativa de secretaría 1/2023 de data 16 de xaneiro de 2023 (CVD: AFguelzvK2+JutoznSkc).

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 2/2023 de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2023 por importe de 5.725,26 euros, correspondente ás facturas e gastos, que se relacionan a continuación:

Nº DE ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2022/1508	27/05/2022	B70083191	DAMINOE SERVICIOS, S.L	16,10
F/2022/1527	12/07/2022	B15046139	FUNERARIA APOSTOL, S.L.	1.501,72
F/2022/2660	15/11/2022	B15046139	FUNERARIA APOSTOL, S.L.	1.501,72
F/2022/3011	07/12/2022	34896698V	BARBEITO BARALLOBRE ALBERTO	204,00
F/2022/3201	30/12/2022	B15046139	FUNERARIA APOSTOL, S.L.	1.501,72
F/2023/298	10/01/2023	V70354170	GRUPO MIXTO DEL CONCELLO DE CAMBRE	1.000,00
			TOTAL	5.725,26 euros

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, así como aprobar a ordenación e realización do seu pagamento.

Terceiro: Dese traslado aos departamentos afectados para que se tramiten os procedementos que sexan precisos para solventar o reparo emitido pola intervención co fin de que estes non se repitan.»

Non producíndose debate, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 16 de xaneiro de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dez (10), dos/as Sres./as: González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Sanguñedo Álvarez, Gutiérrez Nieto, Parceros Quiñoy e Alcantarilla Rei.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Nove (9), dos/as Sres./as: Abalo Castex, González Roel, Vázquez Golpe, Carballada Rodríguez, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío, Sánchez Vieites, Santos López e García Hidalgo.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 16 de xaneiro de 2023 (CVD: KjG7uEG35XysVev43k5T), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

1.3. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 4 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS

Acceso á videoacta – 00:26:59 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 16 de xaneiro de 2023 (CVD: uFZEI1rXl4qbUKyYjnnK), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico, na sesión ordinaria de data 19 de xaneiro de 2023, que transcrita di:

“PROPOSTA

Asunto: Proposta de modificación da ordenanza fiscal número 4 reguladora do Imposto sobre construcións instalacións e obras

Expediente: 2023/G016/000001

Tendo en conta a proposta (CVD: jJC/EbfyzV7JRjcgN Epu) e posterior informe da intervención municipal núm. 1/2023 de data 11 de xaneiro de 2023 (CVD: d/3kNPThIS9ltxV2PiAQ) no que se propón, á vista da providencia desta concellería da mesma data (CVD: FV2Wjs9Nh/QbGfz2BgMg), a modificación do artigo 1º, do apartado 1 do artigo 3º, do primeiro parágrafo do apartado 1 do artigo 4º e do apartado 1 do artigo 5º, así como a modificación do anexo da ordenanza fiscal núm. 4 reguladora do imposto sobre construcións instalacións e obras, co fin de simplificar a xestión tributaria no imposto para as nomeadas como obra menor, dada a súa ampla casuística, actualizar os prezos medios de execución material das obras maiores contidos no anexo á ordenanza fiscal aplicables para a emisión da liquidación provisional do imposto, así como de estender a aplicación da bonificación potestativa prevista para obras de reforma de edificacións existentes que se realicen co fin de incorporar sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar a todo tipo de edificacións. Proponse ademais pola intervención municipal a introdución das comunicacións previas ou declaracións responsables á ordenanza para adaptar a mesma á actual normativa urbanística.

Visto o informe da secretaria municipal de data 13 de xaneiro de 2023 (CVD: aBrHVpc5f2bBW9cVgtTp).

Visto que o Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sinala nos seus artigos 15 a 19 o procedemento para aprobar e modificar as ordenanzas fiscais reguladoras dos tributos locais.

O artigo 16.1 do devandito texto legal determina que os acordos de modificación das ordenanzas reflectirán a nova redacción das normas afectadas e as datas da súa aprobación e do comezo da súa aplicación.

Por todo isto, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 1º, do apartado 1 do artigo 3º, do primeiro parágrafo do apartado 1 do artigo 4º e do apartado 1 do artigo 5º, así como a modificación do anexo da ordenanza fiscal núm. 4 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, quedando redactados do seguinte xeito:

O artigo 1º quedará redactado do seguinte xeito:

« Artigo 1º. – Feito imposable.

1. Constitúe o feito imposable do imposto a realización dentro do termo municipal de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a presentación dunha comunicación previa ou declaración responsable ou no seu caso a obtención da correspondente licenza urbanística, presentárase ou non dita comunicación ou declaración ou obtívrase ou non a dita licenza sempre que a súa expedición ou actividade de control corresponda a este municipio, segundo o disposto no artigo 100 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e concordantes deste.

2. As construcións, instalacións ou obras a que se refire ó apartado anterior poderán consistir en:

- a) Obras de construción de edificacións e instalacións de todas clases de nova planta.
- b) Obras de demolición.
- c) Obras en edificios, tanto aquelas que modifiquen a súa disposición interior como o seu aspecto exterior.
- d) Aliñacións e rasantes.
- e) Obras de fontanería e rede de sumidoiros.
- f) Obras en cemiterios.
- g) Calquera outra construción, instalación ou obra que requiran presentación dunha comunicación previa ou declaración responsable ou no seu caso licenza urbanística de acordo coa normativa vixente.»

O apartado 1 do artigo 3º quedará redactado do seguinte xeito:

«1. A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e se entende por tal, para estes efectos, o custo de execución material de aquela. No caso de obra maior, cando o orzamento de execución material sexa inferior aos prezos medios que se recollen no Anexo I desta ordenanza, serán ditos prezos os que constitúan a base imponible do imposto.

Non forman parte da base imponible o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, de ser o caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista, nin os conceptos relativos a seguridade e saúde, control de calidade e xestión de residuos, nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custo de execución material. »

O primeiro parágrafo do apartado 1 do artigo 4º quedará redactado do seguinte xeito:

«1.- As obras de reforma de edificacións existentes que se realicen co fin de incorporar sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar desfrutarán dunha bonificación de ata o 50 por cento sobre a cota do imposto en proporción á porcentaxe que a enerxía solar cubra sobre o total da enerxía necesaria para o funcionamento da edificación, considerándose o mínimo a cubrir para solicitar a subvención, o 20 por cento da enerxía total requirida pola mesma. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente.»

O apartado 1 do artigo 5º quedará redactado do seguinte xeito:

«1. Cando se presente unha comunicación previa ou declaración responsable, ou no seu caso se solicite a licenza preceptiva ou cando, non presentada unha comunicación previa ou declaración responsable, nin solicitada, concedida ou denegada a devandita licenza preceptiva, se inicie a construción, instalación ou obra, practicarase unha liquidación provisional a conta, determinándose a base imponible polos técnicos municipais en función, no caso de obra maior, dos prezos medios de execución material contidos no Anexo desta Ordenanza, sempre que o importe do orzamento presentado polos interesados sexa inferior ao resultante da aplicación do mesmo. No caso de obra menor a base imponible será, en todo caso, o orzamento de execución material da mesma, despois de excluír os conceptos mencionados no artigo 3.»

O Anexo á ordenanza fiscal quedará redactado do seguinte xeito:

«ANEXO Á ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS

1.- OBRA MAIOR: Relación de prezos medios de execución material: No caso de que se trate dunha obra de vivenda que abarque espazos destinados a usos distintos a esta (tales como trasteiros, porches, garaxes, etc.) aplicarase a estes o prezo medio que lles corresponda en función do seu uso.
-Vivenda exenta unifamiliar: 741,61 €/m2 construído.
-Vivenda acaroada unifamiliar: 710,18 €/m2 construído.
-Vivenda plurifamiliar: 656,62 €/m2 construído.
-Vivenda V.P.O.-A: 582,11 €/m2 construído.
-Trasteiros, porches, terrazas abertas: 199,08 €/m2 construído.
-Local libre en p. baixa/garaxe-aparcamento: 335,30 €/m2 construído.
-Naves industriais e talleres: 357,42 €/m2 construído.
-Terciario de oficinas e servizos: 596,08 €/m2. construído.
-Centro comercial en edificio exclusivo: 710,18 €/m2. construído.
-Local comercial e industria-escaparate: 500,62 €/m2. construído
2.- Actualización: Estes baremos actualizaranse anualmente no caso de o que importe aquí reflectido sexa superior ás actualizacións publicadas no Boletín Oficial do Estado correspondentes ás Vivendas de Protección Oficial (VPO), para axustarse a estes.

Segundo.- A antedita modificación comezará a aplicarse a partir do día seguinte á publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia da súa aprobación definitiva, e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Terceiro.- Expoñer ao público no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello o citado acordo provisional, así como o texto completo da ordenanza fiscal modificada durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública da ordenanza, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto legislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Cuarto.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordos definitivos que, unha vez transcorrido o período de exposición pública proceda adoptar, así como o texto completo da ordenanza modificada.”

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 16 de xaneiro de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dez (10), dos/as Sres./as: González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Sanguñedo Álvarez, Gutiérrez Nieto, Parcero Quiñoy e Alcantarilla Rei.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Nove (9), dos/as Sres./as: Abalo Castex, González Roel, Vázquez Golpe, Carballada Rodríguez, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío, Sánchez Vieites, Santos López e García Hidalgo.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 16 de xaneiro de 2023 (CVD: uFZE1rXI4qbUKyYjnnK), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

1.4. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADHESIÓN DO CONCELLO DE CAMBRE Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DO ESTADO

Acceso á videoacta – 00:33:11 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 15 de xaneiro de 2023 (CVD: ZfseK1Bc/Axh9bqzJQJV), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico, na sesión ordinaria de data 19 de xaneiro de 2023, que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS

A vixente Lei 9/2017, do 8 novembro de 2017, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), recolle na súa exposición de motivos que:

«(...) Respecto da parte correspondente á execución dos contratos, hai que facer unha especial referencia (...) **ás medidas de racionalización técnica da contratación**, estruturadas en dous elementos, os acordos marco e os sistemas dinámicos de adquisición, destacando aquí o novo réxime que se establece nesta Lei respecto da contratación centralizada. Toda esta materia, a racionalización técnica da contratación, regúlase nun capítulo específico dentro do Título I do Libro Segundo, diferente ás normas referidas á preparación e á adxudicación dos contratos, por canto aquela ten substantividade propia, e aínda que moitos dos artigos que a regulan entrarían dentro desa preparación e adxudicación dos contratos, tamén hai outros que regulan

aspectos referidos para os efectos e extinción.”; tendo a súa tradución normativa no Capítulo II, do Título I, do Libro II, baixo do título de racionalización técnica da contratación(artigos 218 a 230).»

A Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación é a unidade dependente da Subsecretaría do Ministerio de Facenda e Función Pública, que dirixe e xestiona o sistema estatal de contratación centralizada, como vía para a súa racionalización e mellora da súa eficiencia e transparencia.

A Xunta de Contratación Centralizada, adscrita á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación (DGRCC) é o órgano de contratación das subministracións e servizos declarados de contratación centralizada.

O artigo 229 da LCSP establece que o sistema de contratación centralizada estatal ten carácter obrigatorio para a Administración Xeral do Estado, os seus organismos autónomos, entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social e demais entidades públicas estatais. Así mesmo, **este sistema está aberto á adhesión**, entre outros, **das entidades locais**.

De acordo coa propia información que facilita a web da contratación centralizada (<https://contratacioncentralizada.gob.es>) sinálanse como **vantaxes e razóns** para adherirse as seguintes:

«A centralización da contratación xera **aforros** que se derivan do aumento da concorrència como consecuencia das maiores expectativas de vendas dos licitadores, e das economías de escala xurdidas da agregación de demanda. Ademais, os aforros derivados da contratación centralizada, ao responder a melloras de eficiencia, non afectan á calidade da prestación.

Pero non só se producen aforros de natureza económica, senón que tamén se xeran “outros tipos de aforros” que resultan igualmente relevantes, como son os derivados da **redución de trámites e de cargas administrativas**. As entidades que participan no Sistema Estatal de Contratación Centralizada ven reducida, ostensiblemente, a carga derivada da tramitación dos seus contratos, así como os **prazos de tramitación**.

Do mesmo xeito, as empresas interesadas na prestación dun servizo ou subministración ven simplificada a súa participación nas licitacións.»

Así pois, considero de interese para o Concello de Cambre a adhesión á Central de Contratación do Estado, co fin de axilizar a tramitación de determinados expedientes de contratación, tanto os que a día de hoxe xa contan cun acordo marco específico ao que sería posible adherirse, como os que poidan ser licitados no futuro pola Central de Contratación e, deste xeito, poder obter vantaxes, tanto dende o punto de vista do aforro de custos administrativos, como económicos.

En canto ao procedemento de adhesión, este realízase en dúas fases, segundo o establecido no artigo 8 da Orde EHA/1049/2008, do 10 de abril, de declaración de bens e servizos de contratación centralizada, correspondendo a presente proposta coa primeira desas fases:

«Artigo 8. Procedemento de adhesión.

O procedemento de adhesión realizarase en dúas fases.

Nunha primeira fase, a comunidade autónoma, entidade local, organismo autónomo ou ente público dependente dela ou, no seu caso, o resto de entidades do sector público estatal non incluídas no ámbito obrigatorio de aplicación, de acordo co artigo 229.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, subscribirán coa Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación un acordo de adhesión xenérico á Central de Contratación do Estado.

A celebración deste acordo de adhesión xenérico implicará a manifestación formal da súa vontade de integrarse no réxime xeral de funcionamento da Central de Contratación do Estado e o dereito de adherirse aos distintos acordos marco ou sistemas dinámicos de adquisición da Central de Contratación do Estado.

Nunha segunda fase, a entidade formalizará a adhesión voluntaria a un acordo marco ou un sistema dinámico de adquisición específico, o que implicará a obrigaçión do ente ou entidade adherida de realizar todas as contratacións a través deste, agás cando os bens adjudicados ou o réxime de prestación dos servizos non reúna as características indispensables para satisfacer as concretas necesidades do ente ou entidade individualmente adherido. Esta circunstancia requirirá información trimestral á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación.

A Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación está obrigada a facilitar o acceso á aplicación informática CONECTA-CENTRALIZACIÓN aos entes e entidades que se adhiran voluntariamente a un acordo marco ou a un sistema dinámico de adquisición específico.

É obrigación dos entes adheridos dilixenciar a proposta de adxudicación polo órgano de control interno da xestión económica-financieira das entidades suxeitas a función interventora. Doutra banda, teñen dereito a recibir información individualizada dos acordos marcos e sistema dinámico de adquisición a celebrar co fin de solicitar a súa adhesión específica a estes.

O período de vixencia do acordo específico de adhesión será equivalente ao do acordo marco ou sistema dinámico de adquisición de referencia.

A Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación publicará a través do portal contratación centralizada os modelos de acordo de adhesión xenéricos e específicos.»

Tendo en conta canto antecede, propono ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Solicitar a adhesión por parte do Concello de Cambre á Central de Contratación do Estado, de acordo co disposto nos artigos 228.3 e 229.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e nos artigos 7 e 8 da Orde EHA/1049/2008, do 10 de abril, de declaración de bens e servizos de contratación centralizada.

Segundo.- Manifestar expresamente a vontade do Concello de Cambre de integrarse no réxime xeral de funcionamento da Central de Contratación do Estado.

Terceiro.- Remitir o presente acordo á Subdirección Xeral de Coordinación e Xestión Orzamentaria (Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación - Ministerio de Facenda e Función Pública).”

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 15 de xaneiro de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezanove (19), dos/as Sres./as: González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Sanguñedo Álvarez, Gutiérrez Nieto, Parceros Quiñoy, Alcantarilla Rei, Abalo Castex, González Roel, Vázquez Golpe, Carballada Rodríguez, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío, Sánchez Vieites, Santos López e García Hidalgo.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Ningunha (0).

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 15 de xaneiro de 2023 (CVD: ZfseK1Bc/Axh9bqzJQJV), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

1.5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2023

Acceso á videoacta – 00:37:01 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 16 de xaneiro de 2023 (CVD: B2tmtBbhK5lfbPjNvwva), ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade, na sesión de data 19 de xaneiro de 2023.

Intervén o Sr. alcalde en funcións e manifesta que hai unha emenda ao ditame e concede o uso da palabra a Sra. Sanguineo Álvarez, quen dá lectura á dita emenda, de data 25 de xaneiro de 2023 (CVD: F0lbdvZLXD3+7eYvLgM/).

Seguidamente, a Presidencia somete a votación ordinaria a emenda de data 25 de xaneiro de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezaseis (16), dos/as Sres./as: González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Sanguineo Álvarez, Gutiérrez Nieto, Parceros Quiñoy, Alcantarilla Rei, Abalo Castex, González Roel, Vázquez Golpe, Varela Fraguío, Sánchez Vieites e García Hidalgo.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Tres (3), dos/as Sres./as: Carballada Rodríguez, Cubeiro Fernández e Santos López.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a emenda de data 25 de xaneiro de 2023 (CVD: F0lbdvZLXD3+7eYvLgM/).

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 16 de xaneiro de 2023 que, coas modificacións que resultan da emenda aprobada, queda redactada do seguinte xeito:

«PROPOSTA DA ALCALDÍA

O goberno municipal de Cambre propón ao Pleno da Corporación a aprobación dun paquete de actuacións financiadas con cargo ao Plan de Obras e Servizos (POS+) do ano 2023 cuxas bases foron publicadas no BOP número 228 do 1 de decembro de 2022.

O Concello de Cambre ten unha asignación para o POS+2023 dun total de 655.376,96€, correspondendo 414.755,59 € á “achega provincial 2023”, 231.980,63€ á “Achega provincial 2022” e 8.640,74 € a “Préstamo provincial 2023”.

Segundo o disposto na base 2 das reguladoras do Plan, os concellos poderán destinar a cantidade asignada neste Plan aos seguintes obxectos:

- Gasto corrente

O Concello poderá destinar a “achega provincial 2023” ou excepcionalmente a “achega provincial 2022”, ao financiamento dos seus gastos correntes devengados durante o exercicio 2023 polos bens e servizos de competencia municipal obrigatorios, segundo se detalla nas Bases 2.1 e 5.B.1, sen límite ningún.

- Realización de investimentos

O Concello poderá destinar a “achega provincial 2023” e a “achega provincial 2022” ao financiamento de investimentos de competencia municipal. Cada investimento deberá imputarse soamente a un destes tipos de achega provincial, sen que para estes efectos poidan sumarse as distintas achegas.

- Redución da débeda do Concello con entidades financeiras

Por outra parte, no que se refire ao “préstamo provincial 2023”, o concello unicamente poderá aplicalo a reducir o seu endebedamento con entidades financeiras non procedentes dos mecanismos de financiamento de pago a provedores de carácter estatal.

- Gastos sociais

O Concello poderá destinar a “achega provincial 2023 extraordinaria” ao financiamento dos gastos sociais, segundo se detallan na Base 12, a través do “POS+Adicional 1/2023 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023”.

As cantidades do POS+2023 asignadas a este Concello para cada un dos tipos de achega son as que figuran na seguinte táboa:

ASIGNACIÓN POS+2023					
Achega provincial 2023	Achega provincial 2022			Préstamo provincial 2023	Total POS+2023
	Baixas/Anulac.	Asignación	Total Achega 2022		
414.755,59	34.526,52	197.454,11	231.980,63	8.640,74	655.376,96

A proposta presentada inclúe as seguintes actuacións:

- Destinar a totalidade do importe correspondente á “Achega provincial 2022” (231.980,63 €) aos investimentos financeiramente sostibles, que se indica a continuación:

Denominación	Importe (IVE engadido)
MELLORA FUNCIONAL DO ESPAZO LIBRE/ZONA VERDE NO ENTORNO DA RÚA POLÍGONO NO TEMPLE	184.978,05 €
PROYECTO TÉCNICO PARA PAVIMENTACIÓN DE ACERAS EN C/ RÍO GÁNDARA DE A BARCALA	30.000,00 €
ORDENACION ESPACIOS VERDES PONTE DAS INSUAS-CAMBRE	34.931,78 €

- Destinar o importe da asignación da “Achega provincial 2023” (414.755,59 €), a gasto corrente.
- Non solicitar nesta ocasión a asignación do “Préstamo provincial 2023”

Ademais, as bases reguladoras do POS + 2023, establecen a obriga para os Concellos de solicitar “investimentos financeiramente sostibles” dentro do Plan Complementario, por un importe mínimo do 25% da suma dos tres tipos de achegas provinciais, isto é, como mínimo 163.844,24€, facéndose proxectos por un importe de 175.000,00 €.

Así, propónse como actuación, o seguinte investimento:

Denominación	Importe (IVE engadido)
PROYECTO TÉCNICO PARA PAVIMENTACIÓN DE ACERAS DE LA MANZANA M-3 DE A BARCALA (FASE 2)	175.000,00 €

Para a elección das actuacións, tívose en conta a enquisa xestionada pola Excm. Deputación Provincial da Coruña, utilizada como instrumento obxectivo básico de análise e valoración das necesidades dotacionais básicas. En base a isto, as prioridades do Goberno Municipal son as de mellorar a accesibilidade para adaptarse ás esixencias da normativa e ir avanzando na eliminación dos déficits urbanos, así como facilitar o uso dos espazos públicos a toda a veciñanza do concello.

Para todas estas propostas comprobouse a dispoñibilidade e a titularidade municipal dos terreos. Con estes factores combinouse a necesidade das intervencións coa viabilidade, dando lugar ás propostas que se presentan.

Co proxecto denominado "*Mellora funcional do espazo libre/zona verde no entorno da rúa Polígono no Temple*" preténdense mellorar un espazo público que actualmente se integra de maneira residual na trama urbana cunha configuración espacial que quedou obsoleta co paso do tempo, de maneira que esta zona mellore o seu atractivo e logre atraer aos veciños como zona de lecer. Esta actuación centrarase na reordenación do espazo libre configurando novos itinerarios e zonas de axardinamento. Inclúese ademais un parque canino atendendo as demandas veciñais para este tipo de espazos. As obras consistirán na desmontaxe e demolición de elementos actuais para poder realizar a nova implantación. Renovaranse as redes de pluviais, abastecemento e iluminación pública existentes. Finalmente executaranse os novos pavimentos e a restructuración e nova plantación de árbores na zona axardinada.

En canto ao proxecto denominado "Proyecto técnico para pavimentación de aceras en C/ Río Gándara de A Barcala", consistirá na renovación do pavimento do tramo de beirarrúa da rúa Río Gándara na zona da Biblioteca Municipal, mellorando a accesibilidade da mesma e do portal situado ao seu carón. Suporá ademais a renovación do mobiliario urbano. Realizarase o levantamento do pavimento e equipamento urbano, así como o levantamento da rampa metálica existente. Tamén se levantará unha zona de asfalto, para posteriormente realizar unha zona de beirarrúa máis ancha, axustando as cotas de beirarrúa para posibilitar ao acceso á biblioteca e o portal nº 6 sen a necesidade de dispoñer ramplas metálicas. Tras realizarse o levantamento das beirarrúas e equipamento urbano existente sobre elas, procederá a realizar a base para apoio dos revestimentos mediante unha soleira, e posterior colocación de revestimentos finais das beirarrúas nas zonas afectadas polas obras. Colocarase un novo bordo de 18 cm de altura e realizarase a nivelación das instalacións preexistentes e a reposición do equipamento urbano.

E para rematar cos proxectos incluídos no POS+2023 principal, o proxecto denominado "Ordenación espazos verdes Ponte das Insuas-Cambre", pretende actuar na zona verde de Ponte das Insuas, dotando de accesibilidade e mellorando o pavimento da senda existente que conecta o vial de acceso á DP-1702, coa senda peonil paralela ao río Mero. Por outra banda, dada a presenza de especies invasoras e abundante maleza, mediante as actuacións proxectadas se reverterá a zona con especies autóctonas e mellorarase a ordenación de todo o espazo verde.

Respecto aos proxectos que se propoñen incluír no POS+ 2023 Complementario, o denominado "PROYECTO TÉCNICO PARA PAVIMENTACIÓN DE ACERAS DE LA MANZANA M-3 DE A BARCALA (FASE 2)", pretende realizar o revestimento final das beirarrúas en rúa Río Mero, Río Miño e Río Mandeo, así como o revestimento en Praza Amador e Daniel, tras realizar obras de impermeabilización e arranxar as humidades e filtracións provocadas no soto 1. Tamén se realizarán instalacións de recollida de pluviais (rígolas, sumidoiros,...), dispoñéndose sumidoiros lonxitudinais no arranque inferior de escaleiras e ramplas. O apartado de impermeabilización, realizaríase por parte das comunidades de propietarios das edificacións destas rúas nunha primeira fase.

Tendo en conta o disposto no apartado 5.B.2.2 das bases reguladoras do Plan, solicitáronse todas as autorizacións necesarias para a execución dos proxectos segundo os correspondentes informes urbanísticos.

Tendo en conta todos estes razoamentos e logo de ver os informes urbanísticos emitidos pola arquitecta técnica municipal, no expediente da obra "*Mellora funcional do espazo libre/zona verde no entorno da rúa Polígono no Temple*" con data 12.01.2023 (CVD: zEckta3ZTqKt+kk+jnak), no expediente da obra "*Proyecto técnico para pavimentación de aceras en C/ Río Gándara de A Barcala*" con data 13.01.2023 (CVD: MwwqvaL1btFW5q6U6M0hn), no expediente da obra "*Ordenación espazos verdes Ponte das Insuas-Cambre*", con data 13.01.2023 (CVD: hX6AqBT1LhPzchBX+oK3), e no expediente da obra "Proyecto técnico para pavimentación de aceras de la manzana M-3 de A Barcala (Fase 2)" con data 13.01.2023 (CVD: Mk5ZuYem1MT8yuAgM2z6).

En base ó anterior, propoño ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2023"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2023", "achega provincial 2022" e "préstamo provincial 2023":



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2023:

	Deputación
Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes	414.755,59 €
Achega provincial 2022 (Excepción da Base 2.1 final)	0,00€
Subtotal gasto corrente	414.755,59 €

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2023	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Deputación	Concello			
Denominación da obra ou subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
---	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Subtotal investimentos achega provincial 2023	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €

ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Deputación	Concello			
Denominación da obra ou subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
MELLORA FUNCIONAL DO ESPAZO LIBRE/ZONA VERDE NO ENTORNO DA RÚA POLÍGONO NO TEMPLE	184.978,05 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	184.978,05 €
PROYECTO TÉCNICO PARA PAVIMENTACIÓN DE ACERAS EN C/ RÍO GÁNDARA DE A BARCALA	12.070,80 €	17.929,20 €	0,00 €	0,00 €	30.000,00 €
ORDENACION ESPACIOS VERDES PONTE DAS INSUAS-CAMBRE	34.931,78 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	34.931,78 €
Subtotal investimentos achega provincial 2022	231.980,63 €	17.929,20 €	0,00 €	0,00 €	249.909,83 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

C) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2023 aplicado á redución da débeda
	0,00 €
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	0,00 €

D) Resumo:

POS + 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE soport. deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. Auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2023	414.755,59 €			414.755,59 €
	Achega 2022 (Excep. Base 2.1)	0,00 €			0,00 €
B- INVESTIMENTOS	Achega 2023	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	Achega 2022	231.980,63 €	17.929,20 €	0,00 €	249.909,83 €
C- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2023	0,00 €			0,00 €
D- TOTAL	Achega 2023	414.755,59 €	0,00 €	0,00 €	414.755,59 €
	Achega 2022	231.980,63 €	17.929,20 €	0,00 €	249.909,83 €
	Préstamo 2023	0,00 €			0,00 €
	TOTAL	646.736,22 €	17.929,20 €	0,00 €	0,00 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado)	(A) Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(B) IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(C = A-B) Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheu a columna B por actuacións de abastecemento)
PROYECTO TÉCNICO PARA PAVIMENTACIÓN DE ACERAS DE LA MANZANA M-3 DE A BARCALA (FASE 2)	175.000,00 €	0,00€	
TOTAIS	175.000,00 €		

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que se compromete a obter todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.»

Efectuada a votación ordinaria, obtense o seguinte resultado:

Votos a favor: Trece (13), dos/as Sres./as: González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Sanguiñedo Álvarez, Gutiérrez Nieto, Parceros Quiñoy, Alcantarilla Rei, Abalo Castex, González Roel e Vázquez Golpe.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Seis (6), dos/as Sres./as: Carballada Rodríguez, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío, Sánchez Vieites, Santos López e García Hidalgo.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

1.6. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS A ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO 2022, ASÍ COMO A SÚA CONVOCATORIA

Acceso á videoacta – 00:53:39 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, e do concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, de data 16 de xaneiro de 2023 (CVD: NciYlwT0IAzQugBz9qGc), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade e pola Comisión Informativa de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar Social, na sesión ordinaria de data 19 de xaneiro de 2023, que transcrita di:

«PROPOSTA AO PLENO

Asunto: Modificación, se procede, das bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2022.

O Pleno municipal, na súa sesión ordinaria do día 27 de outubro de 2022, aprobou inicialmente as bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2022, así como a súa convocatoria.

Na Base D.- *Prazo de solicitude* das mesmas establécese que “O prazo para presentar solicitudes comezará a partir do día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia do extracto da convocatoria e rematará o 30 de decembro de 2022.”

Rematado o período de exposición pública sen que se presentaran alegacións, publícase a aprobación definitiva das bases no BOP núm. 245 do 28 de decembro de 2022.

A tramitación das bases require do envío á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) da información da convocatoria, para que posteriormente dende a BDNS envíen a publicar o extracto no BOP. Esta tramitación complétase en aproximadamente unha semana.

Visto que a publicación do extracto sería posterior á data de finalización do prazo de inscrición, decidiuse paralizar esta tramitación.

Visto o informe de fiscalización do interventor municipal de data 13 de xaneiro do 2023 (CVD: o6LNDcAV5vxgcMYeN3/K) á proposta.

Por todo isto, dende as áreas xestoras propónse ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: aprobar inicialmente a modificación da base *D.- Prazo de solicitude* das Bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2022, quedando redactado como se indica a continuación:

“O prazo para presentar solicitudes terá unha duración de 15 días hábiles que comezará a contar a partir do día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia do extracto da convocatoria.”

Segundo: aprobar inicialmente a modificación do parágrafo primeiro da base *K.2 Prazo de xustificación* das Bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2022, quedando redactado como se indica a continuación:

“O prazo de xustificación comeza a contar dende o día seguinte á comunicación da concesión da subvención, e rematará o 30 de xuño de 2023. Este prazo poderá prorrogarse ata un máximo de quince días máis por pedimento do solicitante ou por proposta razoada da unidade xestora.”

Terceiro: Publicar os presentes acordos no *Boletín oficial da Provincia* e abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Cuarto: No caso de que non se presenten, entenderase definitivamente aprobadas as Bases da convocatoria de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2022, e publicaranse no *Boletín Oficial da Provincia*, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e na paxina web municipal.

Quinto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) da aprobación das bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.»

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, e do concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, de data 16 de xaneiro de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Trece (13), dos/as Sres./as: González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Sanguiniedo Álvarez, Gutiérrez Nieto, Parcero Quiñoy, Alcantarilla Rei, Varela Fraguío, Sánchez Vieites e Santos López.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Seis (6), dos/as Sres./as: Abalo Castex, González Roel, Vázquez Golpe, Carballada Rodríguez, Cubeiro Fernández e García Hidalgo.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, e do concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, de data 16 de xaneiro de 2023 (CVD: NciYlWt0IAzQugBz9qGc), polo que devén en acordo nos

termos transcritos.

1.7. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO POS+ ADICIONAL 1/2023 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2023

Acceso á videoacta – 01:05:00 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 4 de xaneiro de 2023 (CVD: ZJ6fjDZ6yAFKfTMmxLhH), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar Social, na sesión ordinaria de data 19 de xaneiro de 2023, que transcrita di:

«PROPOSTA DA ALCALDÍA

O Pleno da Deputación Provincial de A Coruña, con data 25 de novembro de 2022, aprobou as Bases Reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS+2023", que se destina aos 93 concellos da provincia. O texto íntegro das Bases foi publicado no BOP núm. 228 do 1 de decembro de 2022.

Xunto co POS+2023 regúlase simultaneamente un POS+ADICIONAL 1/2023 para financiamento de gastos sociais extraordinarios, que será xestionado pola Sección de Servizos Sociais da Deputación Provincial de A Coruña.

O Concello de Cambre ten unha asignación para o POS+AD 1/2023 dun total de **120.970,38 euros**.

Visto o informe da coordinadora de servizos sociais do Concello de Cambre de data 27 de decembro de 2022 (CVD: OjU8mtJk78Y6Z1lXrLfk).

O alcalde de Cambre propón ao Pleno da Corporación a aprobación da solicitude do Plan POS+ADICIONAL 1/2023 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios para o exercicio de 2023.

O Concello de Cambre, a proposta do alcalde, é destinar a totalidade do importe (120.970,38 euros), de entre todos os gastos sociais extraordinarios, ao parágrafo b), que dí literalmente: *“Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores e/ou dependentes, persoas con diversidade funcional, persoas con enfermidade mental, persoas con adiccións, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero e aquelas persoas en risco de exclusión social, cando eles e as persoas ao seu cargo carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.*

As axudas en especie consideraranse gasto corrente sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.”

En base ao anterior, propoño ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) **“POS+ Adicional 1/2023”** da Deputación provincial da Coruña **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do Concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+Adicional 1/2023	120.970,38 euros
Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	120.970,38 euros

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2023	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO
b) "Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores e/ou dependentes, persoas con diversidade funcional, persoas con enfermidade mental, persoas con adicións, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero e aquelas persoas en risco de exclusión social, cando eles e as persoas ao seu cargo carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.	(A)	(B)	(C=A-B)
	240000,00 euros	0 euros	240000,00 euros
TOTAL	240000,00 euros	0 euros	240000,00 euros

Segundo: Facultar expresamente á concellería delegada de Benestar social, para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.»

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 4 de xaneiro de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezasete (17), dos/as Sres./as: González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Sanguinredo Álvarez, Gutiérrez Nieto, Parcero Quiñoy, Alcantarilla Rei, Abalo Castex, González Roel, Vázquez Golpe, Varela Fraguío, Sánchez Vieites, Santos López e García Hidalgo.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Dous (2), dos Sres.: Carballada Rodríguez e Cubeiro Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 4 de xaneiro de 2023 (CVD: ZJ6fjDZ6yAFKfTMmxLhH), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

1.8. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA E ORZAMENTO DO CONCURSO DE DISFRACES, COMPARSAS E CARROZAS DO ENTROIDO EN CAMBRE 2023, ASÍ COMO A SÚA CONVOCATORIA

Acceso á videoacta – 01:07:26 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude de data 16 de xaneiro de 2023 (CVD: h327nzqMUtaVzLFSQ0vq), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar Social, na sesión ordinaria de data 19 de xaneiro de 2023, que transcrita di:

«PROPOSTA AO PLENO

Asunto: Aprobación das bases da convocatoria e orzamento do Concurso de disfraces, comparsas e carrozas do *Entroido en Cambre 2023*, así como a súa convocatoria

A celebración do Entroido en Cambre ten unha grande repercusión dentro do concello, pero tamén nos municipios limítrofes. Isto débese a que, ao longo do tempo, adquiriu unha identidade propia e unha forza espontánea grazas á implicación da veciñanza, dos participantes e dun público animoso que viven con entusiasmo esta festividade.

O tradicional desfile de comparsas e carrozas e o concurso do Entroido 2023 nas súas distintas categorías, é o acto central desta programación, que esperamos sexa, unha edición máis, un tempo de encontro, de disfrute colectivo e de ledicia para participantes e público.

Visto o informe da Área de data 16 de xaneiro de 2023, favorable á aprobación das Bases que se achegan do Entroido en Cambre 2023 (CVD: kKnnEo+zXJBlí2Cnx+wK).

Vista a fiscalización realizada pola intervención municipal ao expediente, tal e como preceptúa o artigo 214.2 a) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no seu informe JUA NUM 4 - REPARO 2 R de data 16 de xaneiro de 2023 (CVD: vaStEBa5KdBN4Msp970B).

Vista a nota informativa de secretaría 3/2023 de data 16 de xaneiro de 2023 (CVD: lskUEf/+yo89w+qvzg0l).

Por todo isto dende a Área de Cultura, Deportes e Xuventude propónse ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar inicialmente as “bases da convocatoria do concurso de disfraces, comparsas e carrozas do Entroido en Cambre 2023” co seguinte teor literal, así como a súa convocatoria:

BASES DA CONVOCATORIA DO CONCURSO DE DISFRACES, COMPARSAS E CARROZAS DO ENTROIDO EN CAMBRE 2023

A finalidade deste concurso é estimular e fomentar a participación veciñal nunha festa popular e tradicional como o Entroido, que se celebrará en Cambre, o sábado 25 de febreiro de 2023.

1. MODALIDADE DE DISFRACES

- Nesta modalidade hai dúas categorías: infantil (menos de 12 anos) e xeral (a partir de 12 anos), na que se poderá concursar de forma individual ou en grupo. No caso dos grupos, para participar nunha categoría ou noutra, terase en conta a idade da maioría das persoas participantes.
- No escenario e ante o xurado poderán realizar un pequeno espectáculo (interpretación musical, coreográfica, escenificación...) cunha duración máxima de 3 minutos.
- Non se permitirá subir ao escenario aqueles complementos dos disfraces que superen un metro cadrado.

2. MODALIDADE DE COMPARSAS

- Poderán participar as comparsas previamente inscritas, compostas por un mínimo de seis persoas con disfraces que teñan relación entre si, e que participen no desfile ata o Campo da Feira. No escenario e ante o xurado poderán realizar un pequeno espectáculo (interpretación musical, coreográfica, escenificación...) de 3 a 4 minutos. A música de acompañamento, de ser o caso, debe ser facilitada á organización en formato mp3, ben achegándoa xunto coa inscrición ou ben enviándoa á dirección de correo cultura@cambre.org, neste caso indicando no asunto o número de inscrición no rexistro municipal ou/e o nome artístico.

- As comparsas do municipio terán unha gratificación individual por participar por un importe de 100,00 euros, sempre que o número delas non supere o total de 5. No suposto de que se supere, repartiríase proporcionalmente a cantidade total presupostada entre elas. Considérase comparsa do municipio a composta na súa maioría por persoas empadroadas neste concello.

3. MODALIDADE DE CARROZAS

- Poderán participar todas as carrozas compostas por seis ou máis compoñentes, inscritas previamente, presentes no punto de saída e que participen no desfile ata o Campo da Feira.
- Enténdese como carroza calquera estrutura remolcada por vehículo motorizado ou construída sobre el, cunha decoración especial e cunha elaboración debidamente coidada, cun mínimo de 2 rodas e con capacidade mínima para 4 persoas, e sempre que o xurado a cualifique coma tal. A altura máxima será de 4,20 m. No caso de que se supere a altura os elementos deben ser desmontables.
- As carrozas asistentes do municipio terán unha gratificación individual por participar por importe de 300 euros. No suposto de que o número destas supere o total de 15, repartiríase proporcionalmente a cantidade total prevista entre elas. Para que unha carroza sexa considerada do municipio, deberá estar composta na súa maioría por persoas empadroadas neste concello.
- Aqueles participantes na modalidade de carroza con dereito a gratificación que tamén se presenten como comparsa, só poderán percibir a gratificación para carrozas.

4. INSCRICIÓN

• INSCRICIÓN

A inscrición dos disfraces, comparsas e carrozas formalizarase mediante a presentación da solicitude que corresponda, en calquera das oficinas de Rexistro Municipais ou na sede electrónica (sede.cambre.es), sen prexuízo do disposto no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Para estes efectos, a data de inscrición a considerar será a de entrada no Rexistro do Concello de Cambre.

• PERÍODO DE INSCRICIÓN

O período de inscrición comezará ao día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín oficial da provincia e rematará o 20 de febreiro de 2023.

5. PREMIOS

- A dotación total da presente convocatoria é de 7.100,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 2023 338 48100 Becas e premios festexos populares.
- Os premios a outorgar serán os seguintes:

PREMIOS				
Disfraces			Comparsas	Carrozas
	Infantil	Xeral		
1º	150 euros	150 euros	300 euros	500 euros
2º	-	-	200 euros	400 euros
3º	-	-	-	250 euros
4º	-	-	-	150 euros

- O xurado poderá declarar deserto calquera deles.

- No mesmo acto e publicamente darase a coñecer a decisión do xurado e entregarase un xustificante do premio.

6. PAGO DOS PREMIOS

- O pagamento dos premios/gratificacións realizarase mediante transferencia bancaria. Aplicaranse as retencións fiscais oportunas, segundo a lexislación vixente, ao titular da conta bancaria asociada ao premio.
- Para o pago dos premios e/ou gratificacións é necesaria a presentación no rexistro de entrada da seguinte documentación:
 - Ficha do formulario de datos fiscais debidamente cumprimentada.
 - Fotocopia do NIF do premiado, ou do seu representante legal, no seu caso, e a de dous representantes no suposto de grupo.
 - No caso das asociacións deberán aportar o CIF e certificado do núm. IBAN da conta bancaria da propia asociación.
 - Nos demais casos, certificado da conta bancaria asociada ao premio/gratificación, na que conste o titular da conta, ben do premiado, do seu representante legal ou dun dos dous representantes no suposto de grupo.
- A presentación desta documentación implica a autorización ao Concello para obter datos sobre o cumprimento das súas obrigas tributarias. Con carácter previo ao pagamento, comprobarase de oficio que os premiados están ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, co Concello e coa Seguridade Social. De incumprirse esta condición non se poderá recibir o premio.
- A data límite para entregar a documentación é o 31 de marzo de 2023. A non presentación da documentación en prazo ocasionará a perda do dereito á percepción do premio e/ou gratificación.
- Coa transferencia entenderase aboado o premio correspondente.

7. ASPECTOS XERAIS

- A organización establecerá a orde no desfile e a orde de actuación, no caso das comparsas e disfraces. As carrozas serán ubicadas no Campo da Feira e nas súas inmediacións durante a celebración da festa. As decisións tomaranse atendendo a criterios de seguridade.
- A organización poderá descualificar aquelas propostas que se consideren vexatorias, especialmente para as minorías étnicas, as persoas con discapacidade, etc.
- Non se autoriza a participación de animais como acompañantes.

8. XURADO

- O xurado estará composto por tres persoas invitadas e de recoñecido prestixio, alleas á organización dos actos, presidido polo concelleiro da Área de Cultura, Deportes e Xuventude ou pola persoa na que delegue, con voz pero sen voto, e actuará como secretario/a un/unha funcionario/a do Concello. A designación do xurado realizarase previamente ao desenvolvemento do concurso por resolución de alcaldía ou do concelleiro delegado competente.
- A participación no concurso do Entroido en Cambre 2023 implica o coñecemento e aceptación destas bases. Calquera circunstancia non prevista será resolta pola organización ou o xurado, segundo corresponda, sendo a súa decisión inapelable.

9. CRITERIOS DO XURADO

- O xurado valorará os seguintes aspectos:
 - A orixinalidade, estética, creatividade e traballo na elaboración dos disfraces, comparsas e carrozas
 - A utilización de materiais de refugallo
 - A inspiración en fontes culturais (escritores, pintores, científicos...) para a temática das carrozas, comparsas e disfraces
 - A posta en escea, animación musical, a capacidade de interacción co público e a mobilización das masas, a sátira e a crítica social
 - A conservación do *Entroido tradicional*
 - O uso do galego, tanto oral como escrito
 - O xurado poderá non valorar propostas semellantes ás recreacións históricas celebradas no municipio
- O xurado outorgará un só premio por agrupación, aínda que participen en varias modalidades.



CONCURSO ENTROIDO EN CAMBRE 2023

FICHA INSCRIPCIÓN DISFRACES (ESCRIBIR CON LETRAS MAIÚSCULAS)

CATEGORÍA: INFANTIL XERAL

NOME ARTÍSTICO:

INDIVIDUAL

Nome e apelidos:	Asdo:
NIF:	Teléfono:
Enderezo:	
Localidade:	e-mail:

GRUPO

Nome e apelidos: Idade:

Nome e apelidos: Idade:

Nome e apelidos: Idade:

Nome e apelidos: Idade:

Nome e apelidos: Idade:

Nome e apelidos: Idade:

REPRESENTANTES (2)

Nome e apelidos:

Asdo:

NIF:

Teléfono:

Enderezo:

Localidade: e-mail:

Nome e apelidos:

Asdo:

NIF:

Teléfono:

Enderezo:

Localidade: e-mail:

Coas sinaturas dos representantes autorízase ao Concello de Cambre a empregar as fotografías que se realicen neste evento cultural para a súa divulgación. No caso contrario sinalo o recadro que segue: non autorizo cesión de imaxe

A inscrición neste concurso implica a aceptación das súas bases e que está informado das normas que se achegan no dorso. Máis información 981 613 193 cultura@cambre.org

Cambre, ____ de _____ de ____

Alcalde – Presidente do Concello de Cambre



CONCURSO ENTROIDO EN CAMBRE 2023

FICHA INSCRICIÓN CARROZAS (ESCRIBIR CON LETRAS MAIÚSCULAS)

- Asociación veciñal:
 Grupo de veciños:
 Outros concellos:

NOME ARTÍSTICO:

Breve descrición / composición / medidas (largo incluído o vehículo / ancho / alto)

.....
.....
.....

Iluminación da carroza segundo a normativa vixente de circulación

Compoñentes (mínimo 6)

Empadroado en Cambre

Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>

REPRESENTANTES (2)

Nome e apelidos: Asdo:

NIF: Teléfono:

Enderezo:

Localidade: e-mail:

Nome e apelidos: Asdo:

NIF: Teléfono:

Enderezo:

Localidade: e-mail:

Coas sinaturas dos representantes autorízase ao Concello de Cambre a empregar as fotografías que se realicen neste evento cultural para a súa divulgación. No caso contrario sinalo o recadro que segue: non autorizo cesión de imaxe

A inscrición neste concurso implica a aceptación das súas bases e que está informado das normas que se achegan no dorso. Máis información 981 613 193 cultura@cambre.org

Cambre, ____ de _____ de ____

Alcalde – Presidente do Concello de Cambre



CONCURSO ENTROIDO EN CAMBRE 2023

FICHA INSCRICIÓN COMPARSAS (ESCRIBIR CON LETRAS MAIÚSCULAS)

Asociación veciñal:

Grupo de veciños:

Outros concellos:

NOME ARTÍSTICO:

Breve descripción / composición

.....
.....
.....

Necesidades: Micrófonos (núm. ____) Outros: _____

Compoñentes (mínimo 6)

Empadroado en Cambre

Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>

REPRESENTANTES (2)

Nome e apelidos: Asdo:

NIF: Teléfono:

Enderezo:

Localidade: e-mail:

Nome e apelidos: Asdo:

NIF: Teléfono:

Enderezo:

Localidade: e-mail:

Coas sinaturas dos representantes autorízase ao Concello de Cambre a empregar as fotografías que se realicen neste evento cultural para a súa divulgación. No caso contrario sinalo o recadro que segue: non autorizo cesión de imaxe

A inscrición neste concurso implica a aceptación das bases do mesmo e que está informado das normas que se achegan no dorso. Máis información 981 613 193 cultura@cambre.org

Cambre, ____ de _____ de ____

Alcalde – Presidente do Concello de Cambre

Normas que figuran no dorso das solicitudes de inscrición

NOTA INFORMATIVA XERAL

- Para que o acto se desenvolva con normalidade, as persoas participantes no concurso deberán en todo momento seguir as indicacións da Policía Local, Protección Civil e do persoal da organización.
- Queda totalmente prohibido o uso de vasos de cristal na festa do Entroido, así como subir ao escenario con bebidas en calquera tipo de envase.
- Os/as participantes no concurso que causasen altercados durante a celebración da festa poderán ser descalificados do concurso a criterio da organización.
- Contra a 01:00 h deberá respectarse o descanso da veciñanza.
- A data límite para a presentación da folla dos datos fiscais xunto co NIF dos representantes e, no caso das asociacións, o CIF, documentación necesaria para o cobro dos premios/gratificacións, será o 31 de marzo de 2023.
- O titular da conta debe corresponderse cun dos representantes legais; comprobarase que cumpra coas súas obrigas tributarias. No caso das asociacións a titular da conta debe ser a propia asociación.

NOTA INFORMATIVA PARA AS CARROZAS

- As carrozas non poden facer lume nin brasas no seu interior ou transportar líquidos inflamables, pirotecnia, antorchas ou obxectos con chama.
- As carrozas que non contén coa iluminación segundo a normativa de circulación vixente non poderán desprazarse de noite. Estas serán trasladadas todas ao mesmo tempo a un lugar alternativo a partir das 23.59 h. Este operativo será coordinado pola Policía local. O domingo 26 de febreiro ás 11.00 h deberán retirarse do espazo asignado.
- Non está permitido viaxar na carroza ata o lugar de concentración; unicamente poderase transportar xente durante o percorrido do desfile.
- O subministro eléctrico temporal autónomo precisará a pertinente autorización, é dicir, un boletín eléctrico. A maiores da autorización será preciso contar cun extintor de incendios en regra no interior da carroza.

Moitas grazas pola súa colaboración e feliz Entroido 2023!!!

O concelleiro delegado da Área de *Cultura, Deportes e Xuventude*



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

CONCURSO ENTROIDO EN CAMBRE 2023

Datos Fiscais PREMIOS

CARROZAS

COMPARSAS

DISFRACES

Nº..... Nome artístico: Premio Importe: €

Representantes (deben ser os mesmos que na solicitude, dous no caso de grupos)

Nome e apelidos: Asdo:

NIF: Teléfono:

Enderezo:

Localidade: e-mail:

Nome e apelidos: Asdo:

NIF: Teléfono:

Enderezo:

Localidade: e-mail:

INFORMACIÓN PARA O PAGO DO PREMIO (segundo o punto 6 das bases do concurso):

6.1 O pagamento dos premios/gratificacións realizarase mediante transferencia bancaria. Aplicaranse as retencións fiscais oportunas, segundo a lexislación vixente, ao titular da conta bancaria asociada ao premio.

- 6.2 Para o pago dos premios e/ou gratificacións é necesaria a **presentación no rexistro de entrada** da seguinte documentación:
- Ficha do formulario** de datos fiscais debidamente cumprimentada.
 - Fotocopia do NIF** do premiado, ou do seu representante legal, no seu caso, e a de dous representantes no suposto de grupo.
 - No caso das asociacións deberán aportar o CIF e certificado do num IBAN da conta bancaria da propia asociación.
 - Nos demais casos, **certificado da conta bancaria** asociada ao premio/gratificación, na que conste o titular da conta, ben do premiado, do seu representante legal ou dun dos dous representantes no suposto de grupo.

6.3 A presentación desta documentación implica a autorización ao Concello para obter datos sobre o cumprimento das súas obrigas tributarias. Con carácter previo ao pagamento, comprobarase de oficio que os premiados están ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, co Concello e coa Seguridade Social. De incumprirse esta condición non se poderá recibir o premio.

6.4 **A data límite para entregar a documentación é o 31 de marzo de 2023.** A non presentación da documentación en prazo ocasionará a perda do dereito á percepción do premio e/ou gratificación.

6.5 Coa transferencia entenderase aboado o premio correspondente.

Si, declaramos que a asociación veciñal está ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, co concello e coa Seguridade Social.

Si, declaro que estou ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, co Concello e coa Seguridade Social, na miña calidade de premiado/representante legal/representante do grupo de veciños e titular da conta bancaria asociada ao premio.

Os asinantes declaran que todos estes datos son certos e se corresponden cos dos participantes no concurso

Cambre, de de 2023

Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Cambre



CONCURSO ENTROIDO EN CAMBRE 2023

Datos Fiscais GRATIFICACIÓNS

GRATIFICACIÓN CARROZAS

GRATIFICACIÓN COMPARSAS

Asociación veciñal:

Grupo de veciños:

INFORMACIÓN PARA O PAGO DA GRATIFICACIÓN (segundo o punto 2.2 e 3.3 das bases do concurso):

2.2.- As comparsas do municipio terán unha gratificación individual por participar por un importe de 100,00 euros, sempre que o número delas non supere o total de 5. No suposto de que se supere, repartiríase proporcionalmente a cantidade total presupostada entre elas. Considérase comparsa do municipio, a composta na súa maioría por persoas empadroadas neste concello.

3.3.- As carrozas asistentes do municipio terán unha gratificación individual por participar por importe de 300 euros. No suposto de que o número destas supere o total de 15, repartiríase proporcionalmente a cantidade total prevista entre elas. Para que unha carroza sexa considerada do municipio, deberá estar composta na súa maioría por persoas empadroadas neste concello.

INFORMACIÓN PARA O PAGO DO PREMIO (segundo o punto 6 das bases do concurso):

6.1 O pagamento dos premios/gratificacións realizarase mediante transferencia bancaria. Aplicaranse as retencións fiscais oportunas, segundo a lexislación vixente, ao titular da conta bancaria asociada ao premio.

6.2 Para o pago dos premios e/ou gratificacións é necesaria a **presentación no rexistro de entrada** da seguinte documentación:

- Ficha do formulario** de datos fiscais debidamente cumprimentada.
- Fotocopia do NIF** do premiado, ou do seu representante legal, no seu caso, e a de dous representantes no suposto de grupo.
- No caso das asociacións deberán aportar o CIF e certificado do núm. IBAN da conta bancaria da propia asociación.
- Nos demais casos, **certificado da conta bancaria** asociada ao premio/gratificación, na que conste o titular da conta, ben do premiado, do seu representante legal ou dun dos dous representantes no suposto de grupo.

6.3 A presentación desta documentación implica a autorización ao Concello para obter datos sobre o cumprimento das súas obrigas tributarias. Con carácter previo ao pagamento, comprobarase de oficio que os premiados están ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, co Concello e coa Seguridade Social. De incumprirse esta condición non se poderá recibir o premio.

6.4 **A data límite para entregar a documentación é o 31 de marzo de 2023.** A non presentación da documentación en prazo ocasionará a perda do dereito á percepción do premio e/ou gratificación.

6.5 Coa transferencia entenderase aboado o premio correspondente.

Si, declaramos que a asociación veciñal está ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, co concello e coa Seguridade Social.

Si, declaro que estou ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, co Concello e coa Seguridade Social, na miña calidade de representante do grupo de veciños e titular da conta bancaria asociada ao premio/gratificación.

Os representantes que asinan esta inscrición declaran que todos estes datos son certos e se corresponden cos dos participantes no concurso do Entroido en Cambre 2023, que son maioritariamente veciños do concello.

Cambre,..... de..... de 2023

Asdo.:
Representante

Asdo.:
Representante

Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Cambre

Segundo: Aprobar un gasto por importe de *sete mil cen euros* (7.100,00 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 2023 338 48100 “Becas e premios festexos populares”

Terceiro: Publicar os presentes acordos no *Boletín oficial da Provincia* e abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Cuarto: No caso de que non se presenten, entenderanse definitivamente aprobadas as bases da convocatoria do concurso de disfraces, comparsas e carrozas do Entroido en Cambre 2023, e publicarase no *Boletín Oficial da Provincia*, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Quinto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) da aprobación das Bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Sexto: Dese traslado ao departamento afectado para que se tramiten os procedementos que sexan precisos para que o reparo emitido pola intervención non se repita.»

Non producíndose debate, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude de data 16 de xaneiro de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Trece (13), dos/as Sres./as: González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Sanguñedo Álvarez, Gutiérrez Nieto, Parcero Quiñoy, Alcantarilla Rei, Varela Fraguío, Sánchez Vieites e García Hidalgo.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Seis (6), dos/as Sres/as.: Abalo Castex, González Roel, Vázquez Golpe, Carballada Rodríguez, Cubeiro Fernández e Santos López.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude de data 16 de xaneiro de 2023 (CVD: h327nzqMUtaVzLFSQ0vq), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

1.9. MOCIÓNS URXENTES EN ASUNTOS DE COMPETENCIA DE PLENO SEGUNDO O ARTIGO 22 DA LEI 7/1985, QUE NON FIGUREN NA ORDE DO DÍA

Acceso á videoacta – 01:09:28 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

2. PARTE DECLARATIVA

2.1. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

Acceso á videoacta – 01:09:36 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

2.2. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS

Acceso á videoacta – 01:09:50 horas

Única.- Moción do grupo municipal do BNG en defensa da ría do Burgo

Aberta a quenda de intervencións, o Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Carballada Rodríguez quen, unha vez concedido, dá lectura á moción presentada polo grupo municipal do BNG, rexistrada de entrada ao núm. 202399900000281 o día 18 de novembro de 2023, en defensa da ría do Burgo, que transcrita di:

“A petición do movemento veciñal e ecoloxista achegamos, para o seu oportuno tratamento e debate, a seguinte proposta de Declaración Institucional, de existir para elo o consenso necesario.

A Xunta ven de conceder a Autorización Ambiental Integrada á planta de recepción e pretatamento de aceites de buques que Limpoil quere instalar nas inmediacións das instalacións portuarias de Oza, no cerne da ría do Burgo. Sendo este servizo algo necesario para a actividade pesqueira, a todas luces, a escollida non é a localización adecuada, en atención a protexer e preservar o noso patrimonio ambiental e ecolóxico máis próximo. Simplemente lembrar que a ría está sendo obxecto dunha tan necesaria como retrasada obra de dragado e que unha incidencia na planta referida podería afectar ás ribeiras da totalidade de concellos do estuario.

É por elo que, o pleno da corporación do Concello de Cambre adopta os seguintes acordos:

- 1.- Amosar o rexeitamento da corporación municipal á concesión da Autorización Ambiental Integrada ás instalacións de pretatamento de aceites e hidrocarburos no peirao de Oza.
- 2.- Apoiar ás entidades veciñais e organizacións sociais que xa se teñen posicionado contra deste proxecto e presentaron alegacións ao mesmo.
- 3.- Instar ao goberno municipal a que se presente, diante dos procesos administrativos correspondentes, como parte interesada, no ánimo de impedir o avance deste proxecto.
- 4.- Instar á Xunta de Galiza a denegar a Autorización Ambiental Integrada, procurando o seu traslado a unha zona de menos afectación pública e ambiental.”

(Cando son as vinte e unha horas e once minutos, durante a lectura da moción, auséntase da sesión a Sra. Vázquez Golpe.)

Rematadas as intervencións, o Sr. Carballada Rodríguez manifesta que, co fin de poder acadar un acordo de todos os grupos integrantes da Corporación e traer ese acordo ao vindeiro pleno ordinario, retira a moción presentada polo grupo municipal do BNG en defensa da ría do Burgo.

(Cando son as vinte e unha horas e trinta e tres minutos, auséntanse da sesión a Sra. Varela Germade e o Sr. Carballada Rodríguez.)

3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

3.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO

Acceso á videoacta – 01:34:00 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

3.2. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADOS POR DELEGACIÓN DA ALCALDÍA

Acceso á videoacta – 01:34:04 horas

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas, que comprenden un total de 137 resolucións numeradas da 2314 á 2375 do ano 2022, e da 1 á 75 do ano 2023, que se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
2314/2022	26-12-2022	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a DGS e AdeG por non residir no citado domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
2315/2022	26-12-2022	Recoñecemento de obrigas e aprobación de facturas por importe total de 7.516,62 euros
2316/2022	26-12-2022	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal de data 29 de decembro de 2022
2317/2022	26-12-2022	Aprobar a concesión de 24 subvencións correspondentes á convocatoria pública de subvencións municipais á consolidación de empresas do Concello de Cambre - Programa Consolida Cambre 2022
2318/2022	26-12-2022	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 92.077,80 euros
2319/2022	27-12-2022	Dar por acreditado o destino dos fondos recibidos por parte do concello de Cambre, segundo o establecido na cláusula primeira apartado 9.4 do convenio asinado coa Asociación Sementeira Cambre para a promoción musical do ano 2021
2320/2022	27-12-2022	Aprobar certificacións de obra e facturas mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, polígono do Espiritu Santo e O Temple, mediante implementación de solucións led" lote 1 IDAE certificacións 9 e 10
2321/2022	27-12-2022	Aprobar certificacións de obra e facturas mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, polígono do Espiritu Santo e O Temple, mediante implementación de solucións led" lote 1 IDAE certificacións 9 e 10
2322/2022	27-12-2022	Recoñecemento de obrigas correspondentes a certificacións da obra "edificio socio cultural na parroquia de Cela. Cambre, e facturas correspondentes a por importe total de 13.797,10 euros certificacións 15 a 23
2323/2022	27-12-2022	Aprobación de certificación de obra 5 e final do contrato menor para a reforma e ampliación de local social da parroquia de Andeiro, Cambre
2324/2022	27-12-2022	Aprobar o expediente de xeración de crédito número 17/2022 por importe de 20.120,00 euros na aplicación orzamentaria "920 15100 Gratificacións" financiada con compromiso de ingreso no concepto "46200 Transferencias corrientes ayuntamientos"
2325/2022	27-12-2022	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a C.P.S. e D.M.F.. por non residir no domicilio onde estean empadroados, nin constar a súa residencia habitual neste municipio incumpríndose co establecido no artigo 54.a do Real Decreto



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		1690/1986 do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais.
2326/2022	27-12-2022	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a J.Q.V. por non residir no domicilio onde esta empadroadado, nin constar a súa residencia habitual neste municipio incumpríndose co establecido no artigo 54.a do Real Decreto 1690/1986 do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais.
2327/2022	27-12-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a V.P.G. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
2328/2022	27-12-2022	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a P.A.R.G. e V.O.R. por non residir no domicilio onde estean empadroadas, nin constar a súa residencia habitual neste municipio incumpríndose co establecido no artigo 54.a do Real Decreto 1690/1986 do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
2329/2022	27-12-2022	Recoñecemento de obrigas correspondentes á xustificación das contratacións realizadas polas entidades beneficiarias das axudas concedidas ao abeiro das bases de convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual PROXEDIS-PROWEB III 2021/2022, publicadas no BOP nº80 de 28/04/2022 e BOP nº85 de 05/05/2022
2330/2022	27-12-2022	Declaración de caducidade e arquivo dos expedientes nº 07/45/2006 e 15/24/06 incoados a L.S.P.R. por obras de rehabilitación total de anexo a vivenda sen licenza en Torre, Andeiro, ao ter caducado a acción para a reposición da legalidade e ter prescrito a infracción, quedando a edificación en situación de fóra de ordenación
2331/2022	27-12-2022	Inicio de expediente de orde de execución a M.R.P. polo mal estado dun muro de bloques de formigón na Pena, Sigrás, e concesión de prazo de audiencia
2332/2022	27-12-2022	Declarar a desistencia da solicitude presentada por mediante escrito recibido no rexistro con data do 14 de novembro de 2022 e rexistrado co núm. 04/1095, sobre solicita certificado de innecesariedade de segregación parcela lugar Fontenla, declarándose así concluído o expediente núm. 2022/U004/000059
2333/2022	27-12-2022	Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística e concesión de prazo de audiencia a DY, S.L. e a C.A.B.E. pola construción dun soportal metálico na fronte da fachada dun baixo comercial na rúa Constitución, O Temple
2334/2022	27-12-2022	Conceder licenza a PCR para a rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar sita no lugar de Lourenziño, parroquia de Cambre
2335/2022	27-12-2022	Aprobación de certificación de obra última. Contrato menor: OBRA. Mellora do acabado de pavimentado das aulas-obradoiros do Centro Municipal de Formación
2336/2022	27-12-2022	Corrección de erro de transcripción na resolución de alcaldía núm.. 2286/2022 de data 21.12.2022 (expte2022/G003/002247)
2337/2022	27-12-2022	Aprobar a xustificación presentada polas entidades beneficiarias, do cumprimento da finalidade básica obxecto da subvención concedida e recoñecer obrigas, liquidar e aboar ás entidades
2338/2022	27-12-2022	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a J.J.B.O. por non residir no domicilio onde esta empadroadado, nin constar a súa residencia habitual neste municipio incumpríndose co establecido no artigo 54.a do Real Decreto 1690/1986 do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

2339/2022	28-12-2022	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a R.M.T.R. por non residir no domicilio onde esta empadroadado, nin constar a súa residencia habitual neste municipio incumpríndose co establecido no artigo 54.a do Real Decreto 1690/1986 do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
2340/2022	28-12-2022	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a J.C.A. por non residir no domicilio onde esta empadroadado, nin constar a súa residencia habitual neste municipio incumpríndose co establecido no artigo 54.a do Real Decreto 1690/1986 do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
2341/2022	28-12-2022	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas con reparos da intervención municipal por importe total de 48.357,35 euros
2342/2022	28-12-2022	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a L.F.de la F. por non residir no domicilio onde esta empadroadado, nin constar a súa residencia habitual neste municipio incumpríndose co establecido no artigo 54.a do Real Decreto 1690/1986 do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais.
2343/2022	28-12-2022	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a L.E.S.P. e M.I.S.P. por non residir no domicilio onde estean empadroadados, nin constar a súa residencia habitual neste municipio incumpríndose co establecido no artigo 54.a do Real Decreto 1690/1986 do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais.
2344/2022	28-12-2022	Conceder a UFD DE, S.A., a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 2 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica ao punto de recarga de vehículos eléctricos sito na rúa Wenceslao Fernández Flórez, parroquia de Cambre
2345/2022	28-12-2022	Aprobar a nómina decembro 2022 por un importe de retribucións brutas mes 420.255,10 euros
2346/2022	28-12-2022	Aprobar a xustificación presentada e dar por acreditado o destino dos fondos recibidos por parte do concello de Cambre, segundo o establecido na cláusula primeira apartado 8.2) do convenio, correspondentes ao convenio asinado co Club Baloncesto Cambre para a promoción do baloncesto durante a tempada 2020-2021
2347/2022	28-12-2022	Aprobación de certificacións núm. 1 a 5 da obra "proxecto básico e de execución da remodelación e conexión do acceso exterior ao Concello de Cambre"
2348/2022	28-12-2022	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para acordar a prórroga do contrato formalizado coa entidade "Bilbao Compañía Anónima de Seguros y Reaseguros para a subscripción da "Póliza de seguro de danos para bens mobles e inmobles do Concello de Cambre" (Expediente 2020/C006/000008). Prorrogar por un ano, e nos seus mesmos termos, o contrato suscrito para a subscripción dunha "Póliza de seguro de danos para bens mobles e inmobles do Concello de Cambre" (Expediente 2020/C006/000008), polo que a efectividade da póliza terá efectos dende as 00:00 horas do día 01/03/2023 ata as 24:00 horas do día 28/02/2024 incluídos
2349/2022	29-12-2022	Autorización remisión expediente solicitado en escrito presentado en data 26-12-2022 (nº rexistro 202299900007105)
2350/2022	29-12-2022	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de novembro



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		de 2022, recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de decembro de 2022
2351/2022	29-12-2022	Solicitar unha subvención ao abeiro da Orde da Consellería de Política Social e Xuventude, do 19 de outubro de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá nos anos 2022 a 2024, susceptible de ser cofinanciada polo programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria, publicada no DOG n.º 207, do 31 de outubro de 2022. Aprobar o obxecto e orzamento do proxecto, así como o importe da subvención solicitada que se indica a continuación: Obxecto: implantación dun servizo de atención temperá no Concello de Cambre. Orzamento total: 157.353,26 euros Importe a solicitar: 157.353,26 euros
2352/2022	29-12-2022	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas con reparos por importe total de 115.653,92 euros
2353/2022	29-12-2022	Aprobar a xustificación presentada polas entidades beneficiarias, do cumprimento da finalidade básica obxecto da subvención, así como recoñecer e liquidar obrigas e aboar ás mesmas mediante transferencia bancaria actividades deportivas
2354/2022	29-12-2022	Expediente de transferencia de crédito núm. 8/2022 por un importe de 2.000.00 euros. Comisións bancarias
2355/2022	29-12-2022	Expediente de transferencia de crédito núm. 9/2022 por un importe de 4.700,00 euros. Lacería Consorcio As Mariñas
2356/2022	29-12-2022	Asignar o número 36-E, a vivenda situada no lugar de Lendoiro, parroquia de Cecebre, CP 15650, Cambre (A Coruña)
2357/2022	29-12-2022	Prorrogar ao ano 2023 o orzamento municipal de 2022, cun estado de gastos de 17.864.735,15 euros e de ingresos de 19.738.906,37 euros
2358/2022	29-12-2022	Aprobar o padrón das taxas por prestación do servizo público de subministración de auga potable e rede de sumidoiros, así como da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo de depuración e do canon da auga da Xunta de Galicia, correspondente ao cuarto trimestre de 2022, no que constan 12.611 recibos por un importe de 667.895,67 euros
2359/2022	29-12-2022	Aprobación da xustificación e proposta de pago das subvencións municipais a entidades veciñais sen fin de lucro para programas deportivos, segundo se indica no punto 2) da acta da Comisión de Avaliación de data 20.05.2022, correspondentes ao ano 2020
2360/2022	30-12-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 3 de xaneiro de 2023
2361/2022	30-12-2022	Autorizar, dispor e recoñecer as obrigas, así coma o seu pagamento, a favor do Banco de Sabadell, S.A., en concepto de comisións por uso do TPV virtual durante o ano 2022, por importe de 109,73 euros , en concepto de comisións variable por saldo en conta durante o ano 2022, por importe de 1.836,60 euros. A favor do Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S.A., en concepto de comisións por saldo en conta durante o ano 2022, pola realización de transferencias e polo mantemento da conta, por importe de 1.424,56 euros
2362/2022	30-12-2022	Aprobación e recoñecemento e liquidación da achega do cuarto trimestre de 2022 ao Consorcio das Mariñas por importe de 21.989,56 euros
2363/2022	30-12-2022	Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 10/2022 por un importe de 11.000,00 euros
2364/2022	30-12-2022	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 70.678,02 euros



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

2365/2022	30-12-2022	Asignar o número 17-B, a vivenda situada no lugar de Estrada Espiritu Santo 17-B, Lendoiro, parroquia de Cecebre
2366/2022	30-12-2022	Aprobar a nómina complementaria do mes de decembro de 2022 por importe bruto de 134.752,18 euros
2367/2022	30-12-2022	Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 11/2022 por un importe de 5.114,20 euros
2368/2022	30-12-2022	Aprobar a incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2021 número 34/2022 por importe de 10.293,05 euros, financiada na súa totalidade con remanente de tesourería para gastos xerais
2369/2022	30-12-2022	Aprobar as facturas por importe total de 93.307,95 euros e autorizar, dispor e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada gasto
2370/2022	30-12-2022	Aprobar a xustificación presentada e recoñecer a entrega de fondos por importe de 5.866,08 € a favor da entidade colaboradora Asociación de Clubs de Fútbol de Cambre, para a distribución aos clubs beneficiarios para a promoción do fútbol, coa minoración de 275,40 € ao Sp. Cambre S.D.C e R por non acreditar o pago do total dos gastos de afiliación á Mutualidade, e de 92,25 € ao Club Once Caballeros C.F. por presentar gastos fora do período de vixencia do convenio
2371/2022	30-12-2022	Outorgar á asociación Sementeira Cambre unha subvención por importe de 63.000,00 euros, para a promoción musical durante o ano 2022. Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a asociación Sementeira Cambre para a promoción musical durante 2022
2372/2022	30-12-2022	Outorgar ao club Baloncesto Cambre unha subvención para a promoción do baloncesto durante a tempada 2020-2021, por importe 9.000,00 euros "Cambre Baloncesto". Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e o Club Baloncesto Cambre, para a promoción do baloncesto durante a tempada 2021-2022
2373/2022	30-12-2022	Recoñecemento de obrigas correspondentes á xustificación dos abonos das cotas do RETA, realizados polos beneficiarios de subvencións concedidas ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria do programa de axudas municipais á creación de empresas "Programa Consolida Cambre 2022" (pago 24 beneficiarios/as)
2374/2022	30-12-2022	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 124.191,68 euros
2375/2022	30-12-2022	Aprobar a xustificación presentada do cumprimento do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Cambre e a Cruz Vermella Española para desenvolver o programa de reparto de alimentos 2022. Recoñecer e liquidar obrigas por importe de 4000,00 euros, así como o seu pagamento mediante transferencia bancaria
1/2023	03-01-2023	Concesión axuda emerxencia social alimentación a M.C.C. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
2/2023	03-01-2023	Concesión axuda emerxencia social alimentación a J.M.P. por un período de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
3/2023	03-01-2023	Cesar con data 03 de xaneiro de 2023 á funcionaria interina dona MdelosAMC pola reincorporación da titular do posto a quen substituíra, de conformidade cos artigos 23.2 b) e 24.2.f) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
4/2023	04-01-2023	Aprobar a relación de admitidos para participar no Programa Vente de Marcha; Ruta 156: Lagoa de Vixán, 15 de outubro de 2022
5/2023	04-01-2023	Concesión axuda emerxencia social alimentación a O.R.A.S. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
6/2023	04-01-2023	Conceder a autorización a AMF para exercer a venda ambulante durante a cabalgata dos Reis magos o día 5 de xaneiro de 2023. O lugar para situar o posto de venda ambulante será o Campo da Feira de Cambre, no aparcadoiro



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		de motos
7/2023	04-01-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
8/2023	04-01-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
9/2023	05-01-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 10 de xaneiro de 2023
10/2023	05-01-2023	Resolución de cesamento de auxiliar administrativa interina do departamento de Servizos
11/2023	05-01-2023	Incautación da fianza de 7.083,46 euros achegada por S.S.A. en concepto de garantía da correcta execución das obras de urbanización a realizar no ámbito físico afectado polo convenio urbanístico suscrito entre o Concello de Cambre e R.S.P.M. o 20 de xaneiro de 1993.
12/2023	09-01-2023	Concesión de axuda de emerxencia social de alimentación a M.R.C.B. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
13/2023	09-01-2023	Concesión de axuda de emerxencia social de alimentación a N.G.M.T. por un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto
14/2023	09-01-2023	Concesión de axuda de emerxencia social de alimentación a P.V.M. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
15/2023	09-01-2023	Concesión de axuda de emerxencia social de alimentación a L.J.S. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
16/2023	09-01-2023	Concesión de axuda de emerxencia social de alimentación a K.F.C. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
17/2023	09-01-2023	Concesión de axuda de emerxencia social de alimentación a D.J.L. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
18/2023	10-01-2023	Delegación de funcións da Alcaldía do día 26 de xaneiro ao día 3 de febreiro de 2023, ambos incluídos
19/2023	10-01-2023	Concesión de axuda de emerxencia social de alimentación a L.J.S. por un período máximo de 18 meses condicionada ao cumprimento do proxecto
20/2023	10-01-2023	Concesión de axuda de emerxencia social de alimentación a N.G.M.T. por un período máximo de 18 meses
21/2023	10-01-2023	Concesión de axuda de emerxencia social de alimentación a P.V.M. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
22/2023	10-01-2023	Concesión de axuda de emerxencia social de alimentación a K.F.C. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
23/2023	10-01-2023	Expedientes sancionadores de tráfico – Acordos de inicio
24/2023	11-01-2023	Desestimación das alegacións presentadas por A.J.R.A., en representación de L.A.V.G. e orde de eliminación dos vertidos existentes en parcela sita no lugar da Rocha, Anceis, con advertencia de execución subsidiaria ou execución forzosa
25/2023	10-01-2023	Concesión de axuda de emerxencia social de alimentación a D.J.L. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
26/2023	11-01-2023	Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística e concesión de prazo de audiencia a N.F.S. e D.R.M. pola construción dun peche en parcela sita en Amil, Cambre, sen o preceptivo título habilitante. VIENE DEL2022/x999/000757
27/2023	11-01-2023	Requirimento a M.C.M. para que nun prazo de 3 meses regularice a zona de cesión existente en finca sita en Anceis, ata que quede a nivel co camiño público.
28/2023	11-01-2023	Delegación de funcións da Alcaldía os días 19 e 20 de xaneiro de 2023 no primeiro tenente de alcalde don Juan González Leirós
29/2023	12-01-2023	Denegación de axuda de emerxencia social de alimentación a C.J.J. por non



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		estar acreditada a situación de necesidade
30/2023	12-01-2023	Denegación de axuda de emerxencia social de alimentación a M.C.M.V. por superar o límite de ingresos máximo establecido na ordenanza
31/2023	12-01-2023	Denegación de axuda de emerxencia social de alimentación a E.C.M.L. por non estar xustificada a situación de necesidade
32/2023	13-01-2023	Adxudicación do contrato menor núm. 2022/C002/000131 consistente no servizo de docencia para impartir dúas edicións do módulo transversal de Nivel básico de Prevención de Riscos Laborais, Plan AFD 2022/23. Adxudicataria: Montserrat Giménez Paradela, no importe de 4.400,00 euros (36,67 €/hora), exento de IVE
33/2023	13-01-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 17 de xaneiro de 2023
34/2023	13-01-2023	Resolución de corrección d erro material nas bases específicas reguladoras da selección para a cobertura da praza de aparelador
35/2023	13-01-2023	Expediente de orde de execución 2022/I004/15 - Concesión de prazo de 15 días para a poda de ramas sobresaíntes a camiño público desde finca sita na Rocha. Propiedade: R.A.C.
36/2023	13-01-2023	Denegación axuda emerxencia social alimentación a C.R.L.I. por superar o límite de aforro establecido na ordenanza
37/2023	13-01-2023	Denegación axuda emerxencia social alimentación a M.C.G.T. por non quedar acreditada a situación de necesidade
38/2023	13-01-2023	Concesión axuda emerxencia social alimentación a P.C.A. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
39/2023	13-01-2023	Concesión axuda emerxencia social alimentos a L.A.A.G. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
40/2023	13-01-2023	Concesión axuda emerxencia social alimentación a M.R.C.B. por un período de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto
41/2023	13-01-2023	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a J.C.R.
42/2023	16-01-2023	Concesión axuda emerxencia alimentos a J.C.G.A. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
43/2023	16-01-2023	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas ordinarias do día 19 de xaneiro de 2023
44/2023	16-01-2023	Solicitud de cesamento presentada por I.M.F.T. para toma de posesión de posto de traballo de asesor/a técnico/a da Deputación Provincial de Lugo
45/2023	17-01-2023	Delegación na concelleira Mónica Varela Germade da competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de M.A.G.M. e E.C.P. que terá lugar o 21 de xaneiro de 2023, ás 13:30 h
46/2023	17-01-2023	Concesión axuda emerxencia social alimentación a Y.G.R. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
47/2023	17-01-2023	Resolución pola que se deixa sen efecto a delegación na concelleira Mónica Varela Germade efectuada por Resolución da Alcaldía núm. 45/2023, a prol do concelleiro Diego Alcantarilla Rei, debido á imposibilidade de asistencia da concelleira á celebración do matrimonio de M.A.G.M e E.C.P.
48/2023	18-01-2023	Aprobación da relación de admitidos para participar no programa "Xogando no Nadal 2022" (1ª quenda do 23 ao 30 de decembro de 2022 – 2ª quenda do 2 ao 5 de xaneiro de 2023)
49/2023	18-01-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 50.237,37 euros
50/2023	17-01-2023	Aprobación do padrón do prezo público por actividades deportivas - Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2021-2022 correspondente ao



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		mes de decembro 2022
51/2023	18-01-2023	Concesión de renovación de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a M.S.M.
52/2023	18-01-2023	Concesión axuda emerxencia social alimentación a D.M.C.A. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
53/2023	18-01-2023	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a M.P.M.
54/2023	18-01-2023	Denegación de axuda de emerxencia social para recibo de luz a I.C.C.C. por existir avalista no contrato de alugueiro
55/2023	18-01-2023	Denegación axuda emerxencia social alimentación a Y.L.C. por esgotar o período máximo de concesión establecido na ordenanza
56/2023	18-01-2023	Aprobación definitiva dos estatutos e bases de actuación da xunta de compensación do sector de solo urbanizable da modificación puntual das Normas subsidiarias do planeamento de Cambre no ámbito da estrada N VI, sita na parroquia do Temple
57/2023	18-01-2023	Concesión a Roncesvalles Hogar, SL, de licenza municipal para dúas vivendas unifamiliares acaroadas sitas no lugar de Roncesvalles, parroquia de Brexo
58/2023	18-01-2023	Incoación de expediente sancionador e concesión de prazo de audiencia, pola realización de grafitis nos soportais sitos á altura do número 10 da rúa Constitución-Temple. Denunciado: A.G.P.
59/2023	18-01-2023	Incoación de expediente sancionador e concesión de prazo de audiencia, pola realización de pintadas nun colector de roupa sito fronte á rotonda do Paraugas. Denunciado: J.L.C.
60/2023	18-01-2023	Expedientes sancionadores de tráfico – Acordos de inicio
61/2023	18-01-2023	Aprobación do programa de actividades lúdico-deportivas e culturais no período de vacacións escolares do Entroido 2023 "Obradoiros e Xogos no Entroido 2023", para os nenos e nenas de Cambre en idade escolar (dende o 2 ciclo de E. Infantil ata 1º da ESO, inclusive)
62/2023	18-01-2023	Nomeamento de M.M.C. como técnica de xestión económico-financeira interina
63/2023	19-01-2023	Desistencia de solicitude de axuda de emerxencia social de J.P.Z.S.
64/2023	19-01-2023	Orde de execución polo derrube parcial do muro de contención da parte leste da urbanización Eira de Arriba sobre o camiño municipal 1C.0074. Propietarios: L.M.C.G. e M.R.P.
65/2023	19-01-2023	Concesión a VECTURA DEVELOPMENT S.L.U. de licenza de ocupación parcial para nave loxística con oficinas e parte do aparcadoiro en superficie, situada nas rúas Marconi, Isaac Peral e Nobel do polígono industrial do Espírito Santo - Cecebre
66/2023	19-01-2023	Instrución de dilixencias previas co obxecto de determinar se concorren circunstancias que xustifiquen a incoación de expediente disciplinario a funcionario da Corporación
67/2023	19-01-2023	Resolución de cesamento do arquitecto interino J.R.D.B. polo transcurso do prazo máximo de catro anos de duración da interinidade por execución de programas de carácter temporal e de duración determinada
68/2023	19-01-2023	Aprobación da lista definitiva de admitidos/excluídos na convocatoria de concurso para a creación dunha relación de docentes para a impartición de cursos de formación para o emprego de especialidades da familia profesional de enerxía e auga e instalacións e mantemento (Plan AFD) da Xunta de Galicia ou de especialidades enmarcadas nas mesmas familias profesionais do Plan municipal de formación para o emprego
69/2023	20-01-2023	Aprobación da liquidación do IRPF de persoal do mes de decembro de 2022 e de profesionais e alugueres do cuarto trimestre de 2022 e o seu pagamento, por

		importe de 146.539,00 euros
70/2023	20-01-2023	Aprobación da liquidación do IVE do cuarto trimestre de 2022 e o seu pagamento, cun saldo acredor a prol da Facenda Pública do Estado de 5.602,80 euros
71/2023	20-01-2023	Resolución de cesamento de auxiliar administrativa interina pola reincorporación da titular do posto a quen substitúa - Servizos Sociais
72/2023	20-01-2023	Convocatoria da sesión ordinaria de la Xunta de Goberno Local do día 24 de xaneiro de 2023
73/2023	20-01-2023	Denegación de axuda de emerxencia social alimentación a K.T.C.B. por superar o límite de aforro establecido na ordenanza
74/2023	20-01-2023	Resolución de cesamento de auxiliar administrativa interina polo transcurso do prazo máximo de 10 meses establecido para a execución de programa de carácter temporal- Medio Ambiente
75/2023	20-01-2023	Resolución de cesamento de administrativa interina polo transcurso do prazo máximo de 9 meses dentro dun período de 18 meses en acumulación de tarefas - Réxime Interior

Igualmente, a Presidencia dá conta aos membros da Corporación dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados por delegación da Alcaldía, que se relacionan a continuación:

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 27 de setembro de 2022

- Aprobación do expediente de contrato mixto de subministracións e servizos para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2022-2023. Expediente: 2022/C005/000012
- Aprobación do Plan de xestión de residuos e do plan de traballo presentados pola empresa "Construcciones Leonardo Miguélez, S.L." para a execución da obra denominada "Mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas no Souto, Anceis, Cambre", financiada a través do Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023 (código de procedemento MR701 E) da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER). Expediente: 2022/C003/000006
- Adxudicación dos lotes 1, 2 e 3 e proposta de declaración de deserto do lote 4 do servizo de Organización e realización da Xuntanza do Maior a celebrar no Concello de Cambre. Expediente: 2022/C004/000028

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 4 de outubro de 2022

- Aprobación do expediente de contrato mixto de subministracións e servizos para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2022-2023. Expediente 2022/C005/000012, deixando sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 27.09.2022
- Proposta de non división en lotes dos investimentos incluídos no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 2/2022"
- Aprobación do proxecto "Zona de espaxamento para cans en parcela municipal, sita na rúa Álvaro Cunqueiro, O Graxal-O Temple, Cambre". Expediente 2022/C003/000009
- Prórroga á anualidade 2023 do contrato para o "Servizo de mediación e distribución entre os medios de comunicación social, de campañas institucionais, publicitarias e de comunicación do Concello de Cambre. Expediente 2020/C004/000013

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 11 de outubro de 2022

- Prórroga á anualidade 2023, do contrato mixto para o servizo de "Intervención socioeducativa con xóvenes para o desenvolvemento de actividades de información e dinamización xuvenil a realizar na Casa da Xuventude – Casa das Palmeiras". Expediente 2022/C004/000004
- Proposta de devolución de garantía definitiva á empresa Ártabra Comunicación, S.L., adxudicataria do "Servizo de gabinete de comunicación para o Concello de Cambre". Expediente 2015/C004/000010
- Proposta de adxudicación do contrato para a obra de Reposición e ampliación de hidrantes de protección contra incendios no P.I. de Espírito Santo, Cecebre. Cambre (A Coruña) a prol do licitador Construcciones Pan y Díaz S.L., no prezo ofertado de 38.041,54 euros sen IVE (46.030,26 euros IVE incluído). Expte: 2022/C003/000008
- Proposta de adxudicación da obra de "Arranxo e posta en valor do camiño municipal núm. 125 (Camiño inglés), a prol do licitador Mantido, S.L, no prezo ofertado de 40.062,56 euros sen IVE (48.475,70 euros IVE incluído). Expediente 2022/C003/000007

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 18 de outubro de 2022

- Proposta de incoación de expediente para a imposición de penalidades á empresa ASFALGAL Técnicas Viarias SL por retirada da oferta no expediente "Arranxo e posta en valor do camiño municipal nº 125 (Camiño Inglés)". Expediente 2022/C003/000007
- Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á subministración de libros a través da subvención para mellora das coleccións bibliográficas", a prol de Ermitas Valencia Romar, de Librería Suévia, no prezo ofertado de 6.109,85 euros sen IVE (6.354,24 euros IVE incluído). Expediente 2022/C002/000112

3.3. ROGOS

ROGOS DO PP PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202399900000359 o día 23 de xaneiro de 2023, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que redactados en castelán e traducidos ao galego din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:34:21 horas

Lee o rogo o Sr. Abalo Castex:

"Veciños e usuarios da Urbanización A Barcala e o Paseo Marítimo do Temple alértannos do deficiente estado no que se atopa a pasarela peonil existente baixo a ponte da AP-6 na desembocadura do río Mero na ría do Burgo, entre a urbanización A Barcala e O Temple.

Tal e como se advirte nas fotografías que se achegan, tanto o pavimento da pasarela, como as vigas e o teitume da ponte, na que se observan filtracións de auga, mostran non só un deficiente estado de limpeza e ornato, senón un preocupante estado de conservación e mantemento desta infraestrutura, que alerta aos veciños e usuarios.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular interésase que, pola concelleira competente se adopten as medidas necesarias para a adecuada conservación e limpeza tanto da ponte como da pasarela peonil, que devolva a seguridade aos nosos veciños."

O Sr. Mallo Castro contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:37:20 horas

Lee o rogo a Sra. González Roel:

“Numerosas foron as ocasións nas que o Grupo Municipal Popular trouxo a pleno e comisións informativas ao longo deste último mandato, a falta de conservación e mantemento do mobiliario e instalacións públicos. Entre elas, tamén foron varias as ocasións nas que os nosos rogos e preguntas denunciaban o lamentable estado da Escola Municipal de Música e a súa contorna; onde xunto aos efectos do vandalismo, con rotura de luminarias e pintadas, eran evidentes os problemas de filtracións e humidades. Pintadas, filtracións e humidades como as que, tal e como se observa nas fotografías que se achegan, seguen existindo, anos máis tarde, na devandita instalación municipal.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular, se interesa que se proceda, o máis axiña posible, ao borrado das pintadas existentes nos muros da Escola Municipal de Música en Sigrás e a solucionar os problemas de filtracións e humidades.

O Sr. Mallo Castro contesta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 01:38:39 horas

Lee o rogo o Sr. Abalo Castex:

“Numerosos veciños presentaron as súas queixas ao Grupo Municipal Popular sobre o defectuoso mantemento da iluminación pública existente no noso municipio. Problema que, á vista das queixas recibidas, atópase xeneralizado en todo o pobo.

Entre elas destacan, ademais dos frecuentes apagamentos da iluminación pública no Temple, o funcionamento defectuoso da iluminación pública no centro de Cambre, e a ausencia ou falta de reposición de luminarias na contorna do museo de Cambre ou a Estrada da Estación. Problemas de iluminación pública aos que debe engadirse o apagamento existente na Nacional VI ao seu paso polo Temple, reiteradamente denunciado por este Grupo Municipal Popular desde hai meses, e que o goberno local demostrouse incapaz de xestionar ante o Ministerio de Fomento, que segue sen dar unha solución; con evidente desprezo non só cara aos nosos gobernantes locais, senón o que é peor, cara aos nosos veciños, que seguen soportando un evidente perigo de seguridade viaria que non se ten vontade de resolver nin polo Goberno local nin polo Goberno central.

Descoñecendo con certeza cales son os motivos que provocan estes problemas de forma reiterada, desde o Grupo Municipal Popular solicítase do concelleiro competente, que se adopten as medidas necesarias para resolver as deficiencias advertidas no servizo de iluminación pública no noso municipio.

O Sr. Mallo Castro contesta o rogo.

ROGOS DE AV PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202399900000361 o día 23 de xaneiro de 2023, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:46:17 horas

Lee o rogo o Sr. Varela Fraguío:

“Dada a visita de representantes municipais á importante feira de turismo FITUR, púidose ver en redes sociais a presente publicación. Na que se podían ver un recorte dos murais propostos para a candidatura de mellor mural do mundo 2022.

A realidade é que dende este grupo municipal gustaríanos coñecer os resultados da asistencia ao dito evento.

Motivo polo cal rogamos se achegue o informe completo da visita: co orzamento destinado, conclusións elaboradas, repercusión para o turismo en Cambre, etc.

A todos os grupos municipais da oposición.”

O Sr. Boga Moscoso contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:49:50 horas

Lee o rogo o Sr. Varela Fraguío:

“5 zonas wifi en 8 anos de mandato e todas en edificios municipais, ningunha no rural, motivo para rogar se amplíe a rede de puntos wifi a outras zonas do concello.”

A Sra. Pan Lesta contesta o rogo.

ROGOS DE EU-SON EN COMÚN PRESENTADOS ORALMENTE

A Sra. Santos López formula os seguintes rogos:

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:50:50 horas

“As ratas veñen sendo incansables compañeiras de viaxe nos rogos e preguntas deste salón de plenos.

Nesta ocasión son os veciños de Pravio, en San Bartolomeu os que nos veñen de recordar e incluso ilustrar con fotografías de ratas de tamaño de coellos tanto vivas como mortas ao longo da parroquia ou mesmo destripadas polo tráfico rodado.

PREGAMOS: Tomen como un problema residente e non como unha cuestión esporádica, a existencia de ratas no Concello tanto nas parroquias como mesmo en zonas urbanas, e tomen medidas para paliar esta presenza insalubre de ratas en diferentes lugares do noso concello.”

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:51:51 horas

“De acordo co recente anuncio de exposición ao público do PXOM existe, ao noso parecer, certo grao de confusión ao respecto dos horarios das consultas. No DOG de 19/1/2023 di que o horario é de L a V de 10:00 a 13:30. Na web do Concello así como nos medios de comunicación recóllese ao día seguinte, algo diferente ao publicado no DOG, que o expediente pode consultarse de 8 a 15 e só si se require asistencia técnica, de 10:00 a 13:30.

Nas pasadas comisións informativas dende EU requirimos con boa aceptación por parte do presidente das

comisións informativas que tiveran en conta a posibilidade de habilitar algunhas horas unha ou dúas tardes á semana, tendo en conta que o tempo para presentar alegacións é unicamente de dous meses, e falamos do documento de ordenación mais importante do Concello.

PREGAMOS: Visto o tempo limitado de alegacións, traemos novamente a pleno esta petición, no ánimo que, de ser aceptada o sexa o antes posible, e de non selo, tamén que os veciños que piden horario de tarde o poidan ter en conta. Pregamos que unha ou dúas tardes á semana, durante polo menos dúas horas, sexa posto a disposición a revisión do expediente. Si se precisa asistencia técnica pola tarde, intentar aglutinar as peticións para poder darlle resposta.”

O Sr. González Leirós dá conta do horario de atención vixente e contestará a esta pregunta por escrito.

3º rogo - Acceso á videoacta – 01:54:35 horas

«Que o Xornal Novas de Cambre é un medio de autopropaganda xa non só do Goberno en xeral senón do alcalde en particular, non é algo que se poida discutir, simplemente con lelo, podemos comprobalo. O que non debería acontecer é que os datos sexan falseados involuntaria ou premeditadamente, cuestión na que non vou afondar.

Os datos obxectivos poden ser extraídos das actas dos plenos que son públicas. No relativo ao caso Brincadeira, no último xornal Novas de Cambre, indícase literalmente: "en outubro de 2012, UXC pediu a comparecencia do edil delegado da área de Cultura. Como voceiro de UXC, o actual rexedor formulou 32 preguntas".

Esta afirmación non é certa. O "actual rexedor" non formulou 32 preguntas. Delas 23 son do PSOE, e daquela non eran socios de nada máis que das cadeiras da oposición.

Requirimos ou rogamos que, de acordo ao contido na acta daquela comparecencia así como a data de entrada de petición da dita comparecencia, no seguinte xornal Novas de Cambre, rectifique a información no sentido estrito da acta e dos rexistros no Concello:

- 1.- Foi EU quen pediu a comparecencia, petición á que posteriormente se uniu UXC e PSOE.
- 2.- Rectifiquen o dato de que García Patiño formulou 32 preguntas. UXC formulou 9, o PSOE 23, e EU 24.»

3.4. PREGUNTAS

PREGUNTAS DO PP PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202399900000359 o día 23 de xaneiro de 2023, xunto cos rogos presentados presentadas para este pleno, que redactadas en castelán e traducidas ao galego din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:57:09 horas

Lee a pregunta o Sr. Abalo Castex:

“Pasadas as festas do Nadal hai xa máis de dúas semanas, con todo a decoración, sobre todo a iluminación colocada nas nosas rúas e prazas, persiste; tal e como se observa nas fotografías que se achegan, obtidas no día de hoxe en distintos lugares do noso municipio.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro competente cando teñen

pensado retirar a iluminación do Nadal das nosas rúas e lugares públicos para os efectos da posible penalización á empresa adxudicataria por atraso na retirada.”

O Sr. Mallo Castro contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:58:37 horas

Lee a pregunta o Sr. Abalo Castex:

“Varias son as ocasións nas que o Grupo Municipal Popular preocupouse pola situación provocada polo picudo vermello no noso municipio, non só pola inqueda que nos trasladan os nosos veciños, senón polos distintos exemplares de palmeiras existentes nos nosos parques e xardíns públicos que se viron afectados.

A pesar das explicacións ofrecidas, o certo e verdade é que o problema referido non só persiste senón que parece agravarse; á vez que advertimos como outros municipios limítrofes informan que ningunha da palmeiras propiedade do concello se atopa afectada; situación radicalmente distinta á do Concello de Cambre.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se solicita da concelleira competente en materia de Medio Ambiente que informe sobre a incidencia actual desta praga no noso municipio e as medidas que están a ser adoptadas polo equipo de goberno para mitigala se non erradicala.”

A Sra. Parcerero Quiñoy contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:00:45 horas

Lee a pregunta a Sra. González Roel:

“Nos últimos días a Casa das Palmeiras na parroquia do Temple, sufriu danos que provocaron o valado de todo o seu perímetro, para os efectos de evitar males maiores aos nosos veciños, usuarios e viandantes, tal e como se observa nas fotografías que se achegan.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se pregunta polos problemas sufridos na Casa das Palmeiras e o estado xeral no que se atopa o edificio.”

O Sr. Mallo Castro contesta a pregunta.

PREGUNTAS DE AV PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202399900000361 o día 23 de xaneiro de 2023, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:02:04 horas

Lee a pregunta a Sra. Sánchez Vieites:

“Segundo a información que recibiu a veciñanza, estaban previstas zonas verdes de 58.000 metros cadrados na zona do Noceiro, tamén na Barcala unha zona verde de 25.000 metros cadrados. Fragas como áreas recreativas, ata a creación dun viveiro municipal.

Como está o proceso de creación desas iniciativas promovidas polo actual goberno municipal?”

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:02:40 horas

Lee a pregunta a Sra. Sánchez Vieites:

“Veciñanza de Amil danos traslado da súa desconformidade con que o paso de peóns situado aproximadamente no cruzamento coa rúa Rocón non se volviera a pintar trala actuación realizada na zona. Motivo polo cal preguntamos se hai previsión de que se volva habilitar este paso de peóns ou se a súa retirada é definitiva?”

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:03:20 horas

Lee a pregunta a Sra. Sánchez Vieites:

“En que punto se atopa a situación que se presentou a final do ano sobre a situación que se está a vivir no servizo de axuda no fogar. Onde se denunciou un impago por parte da empresa ás traballadoras. Aínda que xa preguntamos sobre o tema na Xunta de Voceiros, tamén queríamos elevar o asunto ao Pleno para que a veciñanza poida coñecer de primeira man a situación dun servizo tan importante.”

A Sra. Sanguñedo Álvarez contesta a pregunta.

PREGUNTAS DO BNG PRESENTADAS ORALMENTE

O Sr. Cubeiro Fernández formula as seguintes preguntas:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:07:53 horas

“Que contratos están en redacción?”

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:08:03 horas

“Que contratos teñen previsto licitar neste primeiro semestre do ano 2023?”

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:08:09 horas

“Teñen previsto contratar persoal para o departamento de Contratación?”

PREGUNTAS DE EU-SON EN COMÚN PRESENTADAS ORALMENTE

A Sra. Santos López formula as seguintes preguntas:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:08:50 horas

“Que modalidade de contratación, data de publicación e importe corresponde ao contrato de iluminación de Nadal 2022-2023?”

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:09:01 horas

“Que valoración fai o Goberno da distópica situación de que foran dous Melchores, dous Gaspares e dous



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Baltasares os que percorreron o noso Concello, cousa non acontecida en Concellos 10 veces máis grandes aínda que tamén estean a 5 meses dunhas eleccións?”

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as vinte e dúas horas e once minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, do fe.

Vº e praxe
O alcalde en funcións
(Asinada dixitalmente)

Juan González Leirós

A secretaria xeral
(Asinada dixitalmente)

Pilar María Pastor Novo